

CONVENIO ÚNICO PARA O PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

CAPÍTULO I

Ámbito de aplicación e vixencia

Artigo 1. Ámbito de aplicación.

1. Este Convenio seralle de aplicación ao persoal laboral da Administración Xeral do Estado e dos seus organismos autónomos, ao que presta servicios na Administración de Xustiza, ao da Administración da Seguridade Social, incluído, no caso do Instituto Nacional da Saúde, o persoal laboral que presta servicios nas dependencias dos Servicios Centrais e das Direccións Territoriais e/ou Provinciais da entidade e percibe as súas retribucións con cargo aos créditos orzamentarios asignados aos ditos centros para esta finalidade. Tamén será de aplicación ao do Consello de Seguridade Nuclear e ao da Axencia de Protección de Datos.

2. Os traballadores incluídos no Convenio Colectivo do Persoal Técnico, Administrativo e de Servicios adscrito aos teatros que dependen do INAME (Boletín Oficial do Estado, do 3 de agosto de 1993), no Convenio do Ballet Nacional de España e da Compañía Nacional de Danza (Boletín Oficial do Estado, do 19 de xaneiro de 1996), no Convenio do Coro Titular do Teatro da Zarzuela (Boletín Oficial da Comunidade de Madrid, do 23 de novembro de 1996) e o persoal laboral adscrito ao INAEM pertencente ao convenio colectivo único do extinguido Ministerio de Cultura, quedan incluídos neste Convenio coas excepcións previstas no parágrafo seguinte.

Ata que a CIVEA aprobe o encadramento profesional deste persoal no sistema de clasificación profesional previsto no capítulo IV deste Convenio e a súa incorporación plena mediante as necesarias adaptacións, non lle resultará de aplicación a regulación contida neste Convenio nas materias referidas a clasificación profesional, modificación de condicións de traballo, mobilidade funcional e xeográfica, provisión de vacantes e promoción, xornada, horarios e estrutura salarial, séndolles de aplicación no contido nas ditas materias as normas do seu convenio de orixe que se integran con carácter transitorio neste Convenio, sen prexuízo do contemplado nas disposicións transitorias sexta e oitava.

3. O persoal laboral da Entidade Xestora da Seguridade Social INSALUD sinalado no apartado 1 deste artigo queda incluído neste Convenio, sen prexuízo do contemplado na disposición transitoria sexta.

4. Quedan excluídos do ámbito de aplicación deste Convenio.

1º. O persoal laboral contratado no exterior.

2º. Persoal incluído no ámbito de aplicación dos Convenios do Boletín Oficial do Estado, ONLAE, Correos e Telégrafos, Axencia Estatal de Administración Tributaria, Buque Cornide Saavedra, Buque García del Cid, Buque Esperanza del Mar, Instituto Astrofísico de Canarias e o persoal local que presta servicios ás Forzas dos Estados Unidos, o do Instituto Nacional de Educación Física de Madrid e o do Instituto Nacional da Saúde que presta servicios nas Institucións Sanitarias da Seguridade Social, é dicir, aqueles que

prestan os seus servicios nas distintas sedes dependentes das Xerencias de Atención Primaria ou Especializada, percibindo as súas retribucións con cargo aos ditos centros.

3º. O persoal de alta dirección, de acordo con artigo 2.1.a) do Estatuto dos Traballadores e demais normas legais de aplicación.

4º. O persoal que teña unha relación de servicios que se derive dun contrato regulado pola normativa de contratación administrativa ou aquel incluído nos instrumentos excluídos polo artigo 3.1.d) da Lei 13/1995, do 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas.

5º. Os profesionais que teñan unha relación coa Administración do Estado da cal se derive unha minuta ou orzamento para a realización dunha obra ou servicio concreto.

6º. O persoal que teña unha relación que se formalizase ou se formalice expresamente fóra de convenio.

Artigo 2. *Vixencia e denuncia do Convenio.*

1. O Convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Estado, agás as excepcións que expresamente se establecen, e a súa duración estenderase deica o 31 de decembro do ano 2000. No que se refire aos convenios anteriormente vixentes con remanentes salariais anteriores a 1997 pendentes de negociación, estarase conforme ao establecido na disposición adicional quinta.

2. Os seus efectos económicos rexerán desde o 1 de xaneiro de 1999, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria novena, e a salvo do que se establece na disposición adicional quinta respecto aos convenios en curso de negociación.

3. O Convenio poderá ser denunciado por calquera das partes dentro dos dous meses inmediatos anteriores ao remate da súa vixencia. Esgotada a súa vixencia sen que se produciase denuncia expresa, considerarase tacitamente prorrogado por períodos anuais sucesivos respecto á data en que remataba a súa vixencia, podendo calquera das partes proceder á denuncia deste durante o dito período.

4. Unha vez denunciado, permanecerá vixente o seu contido normativo, mentres non sexa substituído polo novo convenio.

5. No suposto de que a xurisdicción laboral declarase a nulidade dalgunha das cláusulas pactadas, ambas as partes decidirán, de mutuo acordo, a necesidade de renegociar as ditas cláusulas e aquelas que se vexan afectadas, baixo o principio de que a nulidade dalgunha ou algunhas delas non supón a nulidade de todo o convenio.

6. Sen prexuízo das previsións da actualización salarial previstas neste Convenio, as restantes condicións económicas serán negociadas polas partes asinantes deste, dentro das previsións orzamentarias de cada ano. A dita negociación orientarase á consecución das táboas contidas no anexo III.

CAPÍTULO II

Interpretación, vixilancia, estudio e aplicación de convenio

Artigo 3. *Comisión de Interpretación, Vixilancia, Estudio e Aplicación (CIVEA).*

1. Dentro dos quince días seguintes á data do asinamento deste Convenio, constituirase a Comisión Paritaria de Interpretación, Vixilancia, Estudio e Aplicación deste.

Esta Comisión estará composta por quince membros de cada unha das partes.

Os membros da parte social serán designados polos sindicatos asinantes en función da representación obtida nas eleccións sindicais a representantes do persoal laboral no ámbito do Convenio, garantíndoselles a estes, en todo caso, un representante.

2. Os representantes sindicais na CIVEA dispoñerán dunha credencial na que expresamente se lles recoñecerá o dereito de acceso a todos os centros de traballo afectados polo Convenio, coas condicións establecidas na normativa vixente, e terán dereito desde a súa designación á dispensa total de asistencia ao traballo sen mingua dos seus dereitos económicos e condicións de traballo.

Para os indicados efectos, os membros sindicais da CIVEA terán dereito ao mantemento dos complementos de posto de traballo que teñan carácter variable no valor medio das contías percibidas nos doce meses anteriores á designación, coa correspondente actualización, así como, cando se establezan novos sistemas de retribución variable, ao valor medio do importe percibido polo resto dos traballadores de igual grupo profesional do centro ou unidade en que estivesen destinados con anterioridade á súa designación.

3. Serán funcións da CIVEA as seguintes:

- a) Interpretar a totalidade dos artigos e cláusulas do Convenio.
- b) Vixiar o cumprimento do pactado.
- c) Estudiar, propoñer e, cando proceda, decidir as cuestións que, derivadas da aplicación deste Convenio, se susciten pola Administración, os representantes dos traballadores ou estes mesmos, neste caso a través da Subcomisión departamental correspondente.
- d) Facer o seguimento e, se é o caso, desenvolvemento da aplicación do Convenio.
- e) Intervir na solución de conflitos, tanto individuais como colectivos, que se susciten no ámbito do Convenio, nos termos que nel se establecen.
- f) Crear cantas Comisións Delegadas da CIVEA considere necesarias, determinar a súa composición e funcións e coordinar a súa actuación. Estas funcións estenderanse tamén ás comisións que se crean no Convenio, no non previsto neste.
- g) Emitir informes e propostas ás partes en negociacións de ámbito superior que afecten ao persoal incluído no ámbito de aplicación deste Convenio.
- h) Recibir información periódica sobre a evolución do emprego no ámbito do Convenio.
- i) Participar na elaboración dos criterios xerais de todos os procedementos que afecten ás modificacións das condicións de traballo, sistemas de provisión de vacantes e de

promoción, consolidación do emprego de carácter estrutural e permanente e acceso do persoal laboral ás probas selectivas derivadas do establecido na disposición transitoria décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto.

l) Aprobar a incorporación do persoal da Administración Xeral do Estado e dos organismos e Entes Públicos dependentes ou vinculados a esta ao ámbito de aplicación deste Convenio.

m) Actualizar o contido deste Convenio para adaptalo ás modificacións que se poidan derivar de cambios normativos ou de acordo ou pactos subscritos entre a Administración e os sindicatos.

n) Servir de canle de información sobre evolución de programas e proxectos que teña previstos realizar a Administración e que poidan modificar as condicións de traballo.

ñ) Afondar no estudio do sistema de clasificación deste Convenio co fin de o ir axeitando ao modelo organizativo da Administración Xeral do Estado, para o que se terá en conta o modelo funcional co fin de ir racionalizando o réxime de prestación de servizos do persoal comprendido no ámbito de aplicación deste Convenio.

o) Calquera outra función que expresamente se lle atribúa no Convenio.

4. A CIVEA funcionará en pleno e permanente e no prazo de dous meses desde a súa constitución elaborará o seu propio regulamento de funcionamento que, como outros acordos, se incorporará ao Convenio.

O indicado Regulamento terá, como mínimo, o seguinte contido:

Finalidade, composición, sede, recoñecemento e aceptación, funcionamento, réxime das súas sesións ordinarias e extraordinarias, formas de validación dos acordos e prazos para a súa adopción, mecanismos para solucionar as discrepancias que xurdan no seu seo, relación de medios técnicos e materiais a utilizar polos representantes sindicais e facultades destes.

En todo caso, a Comisión reunirse con carácter ordinario cando menos unha vez ao mes e, con carácter extraordinario, cando o soliciten cando menos sete dos compoñentes da parte social ou a Administración.

Por outra parte, en canto aso acordos da CIVEA, deberán terse en conta as seguintes previsións:

a) Os acordos deberán adoptarse por máis do 50 por 100 de cada unha das dúas representacións da Comisión, sendo do carácter obrigatorio e vinculantes para ambas as partes, tendo o mesmo valor que o convenio colectivo e pasarán a integrarse no seu articulado coa natureza obrigacional ou normativa segundo corresponda, sendo obxecto de inscrición no Rexistro Central de Convenios e publicándose, se así se acorda, no Boletín Oficial do Estado. Os prazos para alcanzar os acordos deberán adaptarse aos criterios de celeridade, simplificación, sumariedade e obxectividade. Os acordos recolleranse en actas e daráselles a debida publicidade nos correspondentes centros de traballo.

b) Os acordos de carácter ou contido económico requirirán a preceptiva aprobación da Comisión Executiva da Comisión Interministerial de Retribucións.

5. A Administración facilitaralle á CIVEA os locais e medios técnicos e materiais precisos para o seu funcionamento e asumirá os gastos correspondentes a esta.

6. Denunciado o Convenio, mentres non sexa substituído por outro, a CIVEA seguirá exercendo as súas funcións respecto ao contido normativo deste.

Artigo 4. *Comisións e Subcomisións da CIVEA.*

1. Crearanse, con carácter permanente, e coa composición e funcións que se establecen, as seguintes comisións da CIVEA:

- a) Unha Comisión Xeral de Clasificación Profesional.
- b) Unha Comisión para a Igualdade de Oportunidades.
- c) Unha Subcomisión por departamento e, se é o caso, organismo público.

2. A CIVEA poderá crear, para estudar aspectos concretos do Convenio, as comisións que estime necesarias, coa composición e funcións que acorde. Estas comisións disolveranse unha vez remitidas á CIVEA as propostas correspondentes.

Artigo 5. *Comisión Xeral de Clasificación Profesional.*

1. Dependente da CIVEA, e como órgano delegado desta, existirá unha Comisión Xeral de Comisión Xeral de Clasificación Profesional que se constituirá dentro do mes seguinte á constitución daquela, coas seguintes atribucións:

- a) Aprobar, con carácter previo, os criterios de aplicación do sistema de clasificación profesional do Convenio nos respectivos departamentos e organismos, segundo os grupos profesionais e áreas funcionais establecidos neste.
- b) Aprobar as modificacións que se precisen no sistema de clasificación profesional do Convenio, respecto aos grupos, áreas e categorías, así como o encadramento profesional do persoal que se puidese incorporar.
- c) Elaborar as instrucións e orientacións de carácter xeral e fixar as directrices ás que se teñen que ater os órganos de composición paritaria que coñezan dos temas de clasificación profesional no ámbito dos diferentes departamentos, así como prestar apoio técnico a tales órganos sobre metodoloxía de valoración e clasificación profesional.
- d) Emitir informe no prazo máximo de quince días desde a súa recepción na Comisión sobre as propostas de modificación das relacións de postos de traballo.
- e) Resolver cantas consultas lle sexan formuladas en materia de clasificación profesional polos órganos a que se fai referencia no apartado c) ou por calquera outro órgano da Administración ou de representación dos traballadores.

f) Aprobar no prazo máximo de quince días desde a súa recepción na Comisión as propostas de reclasificación profesional formuladas polos órganos de composición paritaria a que se refire o apartado c), con carácter previo á decisión do órgano competente.

g) Aqueloutras que expresamente se lle recoñezan neste Convenio.

2. A composición da Comisión Xeral de Clasificación Profesional será paritaria e estará integrada polos membros que determine a CIVEA en representación de cada unha das partes asinantes do Convenio.

Os membros da parte social serán designados da mesma forma que os da CIVEA (artigo 3.1, terceiro parágrafo).

Artigo 6. *Comisión para a Igualdade de Oportunidades.*

1. Constituirase, dependente da CIVEA, unha Comisión para a Igualdade de Oportunidades que velará, no ámbito deste Convenio, por evitar a discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. A dita Comisión controlará, vixiará e poderá remitir, se é o caso, propostas de modificación das circunstancias discriminatorias ao órgano pertinente para a súa corrección.

A Comisión poderá ser consultada e emitir informes acerca das cuestións que se puidesen suscitar con relación aos distintos procedementos de xestión e aplicación deste Convenio que afecten á igualdade de oportunidades.

Os traballadores acollidos a este Convenio poderán dirixirse a esta Comisión directamente ou a través dos seus representantes, cando estimen que se produciu ou se poida producir unha situación discriminatoria.

2. A Comisión para a Igualdade de Oportunidades será paritaria e estará integrada por once representantes de cada unha das partes asinantes do Convenio.

Artigo 7. *Subcomisións departamentais.*

1. Dependente da CIVEA, e como órgano delegado desta, no ámbito de cada departamento e no Consello de Seguridade Nuclear, CSIC, CIEMAT e Entidades Xestoras da Seguridade Social, existirá unha Subcomisión Paritaria integrada por representantes das partes asinantes do Convenio, encargada da interpretación, vixilancia, estudo e aplicación deste no respectivo ámbito. Por acordo da CIVEA, poderán crearse outras Subcomisións Departamentais cando concorran circunstancias especiais que así o aconsellen.

As Subcomisións departamentais terán no seu ámbito as funcións que lles delegue a CIVEA, e especificamente as seguintes.

a) De carácter xeral:

Aplicar e facer cumprir os acordos da CIVEA.

b) En materia de clasificación profesional:

Proponerlle á Comisión Xeral de Clasificación Profesional, unha vez realizada a análise e aplicada a metodoloxía, calquera modificación sobre o sistema de clasificación profesional inicialmente aprobado.

Analizar e proponerlle, no prazo máximo de dez días desde a súa recepción neste órgano, á Comisión Xeral de Clasificación Profesional a resolución das solicitudes e reclamacións individuais sobre reclasificación profesional.

c) En materia de formación:

Recibir información e consultas sobre os criterios xerais de formación, a planificación, o calendario e os requisitos dos aspirantes.

d) En materia de calendario laboral:

Recibir comunicación e ser consultada sobre a distribución anual da xornada e fixación diaria e semanal dos horarios e quendas de traballo.

e) En materia de mobilidade:

Recibir comunicación previa no relativa á mobilidade funcional e xeográfica.

f) En materia de roupa de traballo e uniformidade:

A determinación concreta da roupa de traballo e/ou uniformidade negociarase no seo das Subcomisións Departamentais.

A Administración facilitaralles aos traballadores, cando for preciso, a roupa de traballo e/ou uniformidade. Os traballadores estarán obrigados a utilizala.

2. As Subcomisións Departamentais estarán integradas polos membros que determine a CIVEA en representación de cada unha das partes asinantes do Convenio, o número dos cales non poderá ser superior a once.

Os representantes da parte social serán designados da mesma forma que os da CIVEA, de acordo co ámbito territorial.

3. A constitución das Subcomisións Departamentais non afectará ás competencias que teñen atribuídas no seu ámbito os órganos unitarios de representación do persoal.

Artigo 8. Dereitos e garantías dos membros da CIVEA e das Comisións e Subcomisións Delegadas desta.

1. Os representantes dos traballadores da CIVEA e das Comisións e Subcomisións Delegadas desta terán os dereitos e garantías que se recoñecen aos representantes dos traballadores no artigo 66 do Estatuto dos Traballadores coas seguintes peculiaridades:

a) Os membros da CIVEA terán dereito á dispensa total de asistencia ao traballo sen mingua dos seus dereitos económicos e condicións de traballo.

b) Os membros da Comisión Xeral de Clasificación Profesional terán dereito á dispensa total do traballo durante os seis primeiros meses de vixencia do Convenio nas mesmas condicións que os membros da CIVEA, podendo ser prorrogado por acordo da CIVEA ata o remate dos seus traballos.

c) Os membros das Subcomisións Departamentais e demais comisións delegadas da CIVEA terán dereito ao crédito horario que determine a CIVEA. Para isto a CIVEA contará co crédito horario que tiñan recoñecido os membros dos Comités Intercentros e das Comisións de Interpretación, Vixilancia e Estudio que estivesen constituídas con anterioridade conforme aos convenios de orixe, que desaparecerán á entrada en vigor deste Convenio, así como calquera outro dereito de crédito horario distinto aos anteriores e aos contemplados na disposición transitoria duodécima recollidos nos convenios de orixe, sen que en ningún caso se supere globalmente o número total de horas así acumulado dos convenios de orixe. Os demais dereitos recoñecidos a estas Comisións e Comités Intercentros nos convenios de orixe negociaranse no seo da CIVEA, sen que en ningún caso estes dereitos superen globalmente os acumulados dos convenios de orixe.

2. O crédito de horas que, de acordo co previsto no número anterior, se recoñece aos membros das Comisións ou Subcomisións Delegadas da CIVEA poderá ser acumulado globalmente polos sindicatos nun ou varios dos seus membros.

No indicado crédito horario non se computará o tempo empregado nas reunións das respectivas Comisións ou Subcomisións e en actuacións levadas a cabo por iniciativa da Administración.

CAPÍTULO III Organización do traballo

Artigo 9. Competencia e criterios relativos á organización do traballo.

1. A organización do traballo é facultade exclusiva da Administración, sen prexuízo dos dereitos e facultades de audiencia, consulta, información e negociación recoñecidos aos representantes dos traballadores.

Cando as decisións que a Administración tome en uso das súas facultades de organización do traballo afecten ás condicións de traballo do persoal laboral incluído no ámbito deste Convenio, negociaranse as ditas condicións, de acordo coa lexislación vixente, no ámbito correspondente.

Corresponde a súa aplicación práctica aos órganos directivos das diferentes unidades orgánicas dos ámbitos afectados por este Convenio.

2. O obxectivo da organización do traballo é alcanzar un nivel axeitado de eficacia dos servizos, baseado na óptima utilización dos recursos humanos e materiais adscritos a estes.

Serán criterios inspiradores da organización do traballo:

a) A planificación e ordenación dos recursos humanos.

b) A adecuación e suficiencia dos cadros de persoal ás necesidades do servizo.

- c) A axeitada e eficaz adscrición profesional dos traballadores.
- d) A profesionalización e promoción dos traballadores.
- e) A identificación e valoración dos postos de traballo.
- f) A racionalización, simplificación e mellora dos procesos e métodos de traballo.

Artigo 10. *Catálogos e relacións de postos de traballo.*

1. Durante o período de vixencia deste Convenio, a Administración elaborará un catálogo e as correspondentes relacións de postos de traballo que contemplan a totalidade dos postos, a súa localización, os grupos profesionais, áreas funcionais de pertenza, categorías, se é o caso especialidade, e complemento singular de posto, así como as características específicas do posto, cando proceda, e, se é o caso, os requisitos de carácter profesional necesarios para o seu desempeño.

Para isto, no seo da CIVEA estableceranse os criterios xerais do modelo a que deban axustarse estes e as condicións de participación e negociación dos representantes dos traballadores.

No caso de non se alcanzar acordo sobre criterios xerais do modelo no prazo de seis meses desde a constitución da CIVEA, a Administración levará a efecto o establecido no parágrafo primeiro.

2. Aos catálogos e relacións de postos de traballo daráselles a axeitada publicidade de acordo co sinalado no apartado 3 deste artigo, entregándoselles aos membros da Comisión Xeral de Clasificación antes do 31 de maio de cada ano, con expresión dos postos que estean vacantes o día primeiro do mes anterior á dita publicidade.

Por outra banda, das modificacións que se introduzan nos catálogos e relacións de postos de traballo elaborados darase conta aos representantes dos traballadores.

3. Aos catálogos e relacións de postos de traballo daráselles publicidade no prazo de 1 mes a partir da comunicación realizada á Comisión Xeral de Clasificación.

No prazo de quince días os traballadores poderán formular as observacións que coiden oportunas sobre os datos reflectidos, sen prexuízo e independentemente das accións legais que poidan exercer en materia de clasificación profesional conforme á lexislación vixente. As observacións serán contestadas nun prazo de trinta días, previo informe das Subcomisións Departamentais, facéndose pública a relación de todas as rectificacións aceptadas.

Artigo 11. *Certificados de servicios.*

Os órganos da Administración, dentro das súas respectivas competencias, están obrigados a entregarlle ao traballador, e á súa instancia, certificado acreditativo do tempo de servizo prestado e datos que consten no catálogo ou RPT, emolumentos percibidos, así como calquera outra circunstancia que veña esixida polas convocatorias de concursos.

Artigo 12. *Documento de identificación.*

O departamento expediralle ao persoal laboral o oportuno documento de identificación. Este documento será renovado nos casos de cambio de destino.

Artigo 13. *Reestructuracións administrativas.*

Se durante a vixencia deste Convenio se producise, por reestructuración administrativa, algún cambio na dependencia orgánica dos actuais centros de traballo, esta modificación garantirá as relacións xurídico-laborais con respecto ás diferentes condicións individuais expresamente reconecidas ao persoal afectado, todo isto sen prexuízo do disposto na disposición transitoria primeira deste Convenio.

Artigo 14. *Plans de ordenación dos recursos humanos.*

1. Cando a situación ou características particulares dunha área ou ámbito dos incluídos neste Convenio así o esixa, a Administración poderá aprobar plans para a adecuación dos recursos humanos que prevexan a articulación coordinada de diversas medidas para un ámbito determinado. Os plans serán negociados coas organizacións sindicais representativas nos termos establecidos na lexislación vixente. Os plans serán obxecto da debida publicidade e estarán baseados en causas obxectivas recollidas na correspondente memoria xustificativa.

2. Estes plans poderán conter as seguintes previsións e medidas, sen prexuízo do establecido con carácter xeral nos capítulos V e VI deste Convenio:

- a) Previsións de modificación de estruturas organizativas e de postos de traballo.
- b) Suspensión de incorporacións de persoal externo ao ámbito afectado, tanto as derivadas de oferta de emprego como de procesos de mobilidade.
- c) Procedementos de mobilidade forzosa de conformidade co disposto no capítulo V.
- d) Cursos de formación e capacitación.
- e) Concursos de traslados limitados ao persoal dos ámbitos que se determinen.
- f) Medidas específicas de promoción interna.
- g) Prestación de servizos a tempo parcial.
- h) Incorporación de recursos humanos adicionais, que terán que se integrar, se é o caso, nas ofertas de emprego público.
- i) Outras medidas que procedan en relación cos obxectivos dos plans.

CAPÍTULO IV

Clasificación profesional

Artigo 15. *Sistema de clasificación.*

1. O sistema de clasificación que se contempla neste Convenio estrutúrase en grupos profesionais, áreas funcionais, categorías e, se é o caso, especialidades, e establécese co fin de facilitar a mobilidade funcional e interdepartamental do persoal e de favorecer a súa promoción establecendo para isto mecanismos de carreira dentro do sistema.

O grupo profesional agrupa unitariamente as aptitudes profesionais, as titulacións e o contido xeral da prestación laboral que se corresponde con estas.

As áreas funcionais agrupan, unitariamente, dentro dos grupos profesionais, o conxunto de contidos e tarefas que pola súa natureza se encadran dentro dunha determinada profesión, oficio ou rama de actividade profesional.

A pertenza a un grupo profesional e área funcional capacitará para o desempeño de todas as tarefas e cometidos propios destes, sen máis limitacións que as derivadas da esixencia das titulacións específicas e dos demais requisitos de carácter profesional contemplados, se é o caso, nos catálogos de relacións de postos de traballo e conforme ás regras de mobilidade previstas no capítulo V deste Convenio.

2. A categoría profesional defínese pola súa pertenza a un grupo profesional e área funcional e recollerá de maneira non exhaustiva as actividades propias destas, de acordo coa organización e ordenación dos procesos de traballo.

Pola Comisión Xeral de Clasificación procederáse no prazo de seis meses á definición das funcións das novas categorías nas que quedarán integradas as actuais, salvo que se decida o seu mantemento como categoría a extinguir.

As definicións das categorías profesionais dos convenios colectivos de orixe seguirán vixentes ata que, no prazo previsto no parágrafo anterior, se proceda pola Comisión Xeral de Clasificación á definición das funcións das novas categorías.

Mentres non se aproben as relacións de postos de traballo a que se refire o artigo 10, seguirán tendo vixencia, para os demais efectos, as categorías profesionais dos anteriores convenios colectivos.

3. As categorías profesionais dos convenios colectivos de orixe quedan encadradas nos grupos profesionais, de conformidade co que se indica no anexo I.

O encadramento inicial en áreas funcionais e novas categorías levarase a cabo pola Comisión Xeral de Clasificación no prazo de seis meses desde a súa constitución.

Artigo 16. Criterios para determinar a pertenza aos grupos profesionais.

1. A determinación da pertenza a un grupo profesional será o resultado da ponderación, entre outros, dos seguintes factores: coñecementos e experiencia, iniciativa, autonomía, responsabilidade, mando e complexidade.

2. Na valoración dos factores anteriormente mencionados terase en conta:

a) Coñecementos e experiencia: factor para a valoración do cal terase en conta, ademais da formación básica ou específica necesaria para cumprir correctamente os

cometidos, a experiencia adquirida e a dificultade para a adquisición dos ditos coñecementos e experiencia.

b) *Iniciativa*: factor para a valoración do cal terase en conta o grao de seguimento de normas, procedementos ou directrices para a execución de tarefas ou funcións.

c) *Autonomía*: factor para a valoración do cal terase en conta o grao de dependencia xerárquica no desempeño de tarefas ou funcións que se desenvolvan.

d) *Responsabilidade*: factor para a valoración do cal terase en conta o grao de autonomía de acción do traballador, o nivel de influencia sobre os resultados, a relevancia da xestión sobre recursos humanos, técnicos e productivos e a asunción do risco polas decisións tomadas e as súas consecuencias.

e) *Mando*: factor para a valoración do cal terase en conta o grao de supervisión e ordenación das funcións e tarefas, a capacidade de interrelación, as características do colectivo e o número de persoas que exercen o mando.

f) *Complexidade*: factor para a valoración do cal terase en conta o número e o grao de integración dos diversos factores antes enunciados na tarefa ou posto encomendado.

Artigo 17. *Grupos profesionais.*

1. Establécense os seguintes grupos profesionais:

Grupo profesional 1:

Inclúense neste grupo aqueles traballadores que no desempeño do seu traballo requiren un alto grao de coñecementos profesionais que exercen sobre un ou varios sectores da actividade, con obxectivos definidos e alto grao de esixencia nos factores de iniciativa, autonomía e responsabilidade.

Formación: título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalentes.

Grupo profesional 2:

Inclúense neste grupo aqueles traballadores que levan a cabo funcións consistentes na realización de actividades complexas con obxectivos definidos dentro do seu nivel académico; integran, coordinan e supervisan a execución de tarefas heteroxéneas coa responsabilidade de ordenar o traballo dun conxunto de colaboradores; inclúese ademais a realización de tarefas complexas pero homoxéneas, así como aquelas que consisten en establecer ou desenvolver programas ou aplicar técnicas seguindo instrucións xerais.

Formación: título de diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou equivalentes.

Grupo profesional 3:

Inclúense neste grupo aqueles traballadores que realizan funcións con alto grao de especialización e que integran, coordinan e supervisan a execución de varias tarefas homoxéneas ou funcións especializadas que requirirán unha ampla experiencia e un forte grao de responsabilidade en función da complexidade do organismo. Normalmente actuará baixo instrucións e supervisión xeral doutras ou doutras persoas, establecendo ou desenvolvendo programas ou aplicacións técnicas. Así mesmo, responsabilízanse de ordenar o traballo dun conxunto de colaboradores.

Formación: título de bacharelato, bacharelato unificado polivalente ou formación profesional de técnico superior ou técnico especialista, ou equivalente, complementada cunha experiencia dilatada no posto de traballo.

Grupo profesional 4:

Inclúense neste grupo aqueles traballadores que realizan traballos de execución autónoma que esixan habitualmente iniciativa por parte dos traballadores encargados da súa execución, comportando, baixo supervisión, a responsabilidade destas, podendo ser axudados por outro ou outros traballadores de grupos profesionais inferiores. O seu exercicio pode implicar o mando directo dun conxunto de traballadores e a supervisión do seu traballo.

Formación: título de bacharelato, bacharelato unificado polivalente ou formación profesional de técnico superior ou técnico especialista, ou equivalente, complementada cunha experiencia dilatada no posto de traballo.

Grupo profesional 5:

Inclúense neste grupo aqueles traballadores que realizan tarefas de certa autonomía que esixen habitualmente algunha iniciativa, podendo ser axudados por outro ou outros traballadores. O seu exercicio pode implicar a supervisión das tarefas que desenvolve o conxunto de traballadores que coordina.

Formación: título de graduado en educación secundaria, educación xeral básica ou formación profesional de técnico ou técnico auxiliar, complementada cunha experiencia dilatada no posto de traballo.

Grupo profesional 6:

Inclúense neste grupo aqueles traballadores que realizan tarefas que, mesmo cando se executen baixo instrucións precisas, requiren axeitados coñecementos profesionais e aptitudes prácticas, e a responsabilidade das cales está limitada por unha supervisión directa e sistemática, sen prexuízo de que na execución daqueles poidan ser axudados por outros traballadores de igual ou inferior grupo profesional.

Formación: título de graduado en educación secundaria, educación xeral básica ou formación profesional de técnico ou técnico auxiliar.

Grupo profesional 7:

Inclúense neste grupo aqueles traballadores que levan a cabo tarefas consistentes en operacións realizadas seguindo un método de traballo preciso e concreto, con alto grao de supervisión, que normalmente esixen coñecementos profesionais de carácter elemental.

Formación: nivel de formación equivalente a educación primaria, certificado de escolaridade ou acreditación dos anos cursados e das cualificacións obtidas na educación secundaria obrigatoria, complementada cunha experiencia dilatada no posto de traballo.

Grupo profesional 8:

Inclúense neste grupo aqueles traballadores que levan a cabo tarefas que se realizan de forma manual ou con axuda de elementos mecánicos simples axustándose a

instrucións concretas, claramente establecidas, cun alto grao de dependencia e que requiren normalmente esforzo físico e atención, e que non necesitan de formación específica.

Formación: nivel de formación equivalente a educación primaria, certificado de escolaridade ou acreditación dos anos cursados e das cualificacións obtidas na educación secundaria obrigatoria.

Artigo 18. *Áreas funcionais.*

1. A adscrición dos traballadores nos distintos grupos profesionais farase a través das áreas funcionais.

Igualmente, as categorías profesionais existentes nos actuais convenios colectivos encadraranse nas áreas funcionais que se establecen neste Convenio.

2. Para os efectos indicados no número anterior establécense as seguintes áreas funcionais:

1º. Administrativa, Informática e Comercial.

2º. Técnica, de Mantemento e Oficinos.

3º. Servicios Xerais.

4º. Servicios de Imprenta e Artes Gráficas.

5º. Sanitaria.

6º. Asistencial.

7º. Docencia.

8º. Investigación Científica, Tecnolóxica ou Sanitaria.

9º. Navegación Marítima.

10º. Vixilancia, Control de Ocupación e Aproveitamento do Dominio Público e as súas Zonas de Servidume.

11º. Construcción, Conservación e Explotación de Infraestrutura e Obra Pública.

3. A Comisión de Clasificación Profesional poderá establecer novas áreas funcionais ou modificar as existentes, enumerando as actividades que desenvolven e os grupos profesionais en que están presentes.

Artigo 19. *Encadramento nas categorías profesionais dos convenios de orixe.*

O encadramento inicial de categorías profesionais dos actuais convenios colectivos nos oito grupos profesionais, nas áreas funcionais e nas novas categorías ten en conta os criterios xerais definidos no capítulo IV deste Convenio.

A modificación do encadramento inicial das categorías efectuado neste Convenio realizarase mediante a aplicación dos criterios de clasificación profesional que aprobe a Comisión Xeral de Clasificación a proposta da Subcomisión Departamental correspondente.

Artigo 20. Reclamacións individuais sobre clasificación profesional.

A modificación do encadramento inicial de cada traballador requirirá informe da Subcomisión Departamental e aprobación da Comisión Xeral de Clasificación, sen prexuízo do dereito do traballador de reclamar a reclasificación profesional en vía xudicial.

A modificación do grupo profesional e da área funcional dun traballador só se poderá realizar a través da promoción profesional regulada no capítulo VI deste Convenio.

CAPÍTULO V

Modificación de condicións de traballo, mobilidade funcional e xeográfica

Artigo 21. Modificación substancial das condicións de traballo.

Os órganos competentes da Administración Xeral do Estado, en cada caso, poderán acordar modificacións substanciais das condicións de traballo, de carácter individual ou colectivo, cando existan probadas razóns técnicas, de eficiencia organizativa ou de mellor prestación dos servizos públicos, de acordo co establecido no artigo 41 do Estatuto dos Traballadores.

No caso de modificación substancial de condicións de traballo de carácter individual, esta negociarase na correspondente Subcomisión Departamental no prazo de quince días desde a súa presentación, con carácter previo á adopción da resolución motivadora da decisión. Con posterioridade á dita negociación, a decisión de modificación notificaráselles ao traballador afectados e aos seus representantes legais e sindicais cunha antelación mínima de trinta días á data da súa efectividade.

Antes de levar a cabo as indicadas modificacións das condicións de traballo, a Administración abrirá un período previo de consultas e, se é o caso, negociación, de acordo co artigo 41 do Estatuto dos Traballadores, cos representantes destes, para o que se entregará unha memoria xustificativa das causas ou motivos da modificación proposta, así como das medidas a aplicar e as súas referencia temporais.

Artigo 22. Mobilidade funcional.

1. Os órganos competentes da Administración Xeral do Estado poderán acordar no ámbito dese Convenio a mobilidade funcional entre postos de traballo dentro do grupo profesional ao que pertenza o traballador, coas únicas limitacións da titulación académica ou profesional esixida para exercer a prestación laboral e das aptitudes de carácter profesional necesarias para o desempeño do posto de traballo, que poderán completarse, previa realización, se isto for preciso, de procesos básicos de formación e adaptación.

2. Cando a mobilidade funcional implique desenvolvemento de funcións de distinta área funcional, categoría ou especialidade profesional, cando esta estea prevista na relación de postos de traballo, requirirase:

1º. Comunicación motivada á Subcomisión Departamental.

2º. Criterios de procedencia para asignar aos traballadores afectados.

3º. Programa de formación e adaptación ao posto de traballo, se fose necesario.

3. A mobilidade efectuarase sen menoscabo da dignidade do traballador e sen prexuízo da súa formación e promoción profesional, tendo dereito á retribución correspondente ao posto que efectivamente desempeñe, agás nos casos de encomenda de funcións inferiores, nos que manterán a retribución de orixe.

4. No caso de que un posto de traballo sexa ocupado polo mesmo ou diferente traballador durante un ano continuado ou dous alternos nun prazo de tres anos, a partir da entrada en vigor do Convenio, procederase á readaptación, se é o caso, do posto de traballo e/ou a que este sexa cuberto a través dos procedementos de provisión de vacantes establecidos no capítulo VI.

En ningún caso poderá ser valorado como mérito para a provisión dese posto de traballo o tempo de servizos prestados como consecuencia da mobilidade funcional regulada neste artigo.

Artigo 23. Funcións de distinto grupo profesional.

1. Por necesidades do servizo, cando concorran as causas sinaladas no artigo 39.2 do Estatuto dos Traballadores, a Administración poderá acordar polo tempo imprescindible a mobilidade funcional para a realización de funcións non correspondentes ao grupo profesional, coas únicas limitacións inherentes ás titulacións académicas ou aos coñecementos profesionais que se poidan requirir para o desempeño das funcións correspondentes.

No caso de encomenda de funcións interiores, a mobilidade deberá estar xustificada por necesidades perentorias ou imprevisibles do servizo, non podendo ser a súa duración na súa totalidade superior a un mes nun ano.

No suposto de atribución de funcións superiores, estas encomendaranse preferentemente aos traballadores do grupo profesional inmediatamente inferior.

A atribución de funcións superiores será, en todo caso, inferior a seis meses de duración durante un ano e oito meses durante dous, computados de data a data, e realizarase atendendo a criterios obxectivos. Se superados os prazos existise un posto de traballo vacante do mesmo grupo profesional e permanecese a necesidade da súa ocupación, este deberá ser cuberto a través dos procedementos de provisión de vacantes establecido no capítulo VI do Convenio.

En ningún caso poderá modificarse o grupo profesional a través da mobilidade funcional, nin ser valorado como mérito para o ascenso o tempo de servizo prestado en funcións de superior grupo profesional.

2. A Administración deberá comunicar previamente estas situacións aos representantes dos traballadores.

Artigo 24. Outros supostos de mobilidade funcional.

A mobilidade funcional por incapacidade laboral, por diminución da capacidade, por razóns obxectivas e para protección da maternidade queda regulada nos artigos 65, 66 e 67 deste Convenio.

Artigo 25. Mobilidade sen cambio de funcións.

A mobilidade sen cambio de funcións que traspase os límites do centro de traballo, entendido este como o edificio onde o traballador desempeña as súas funcións, realizarase por necesidades do servizo procedéndose a informar desta aos representantes dos traballadores no prazo de tres días.

Nos casos en que sexa necesario aplicar uns criterios de prelación por non afectar a mobilidade a todo o colectivo que con iguais características presta os seus servizos no centro de traballo, aplicarase o criterio de menor antigüidade na Administración Xeral do Estado. Os representantes legais dos traballadores terán prioridade en canto á permanencia.

Artigo 26. Mobilidade xeográfica.

A mobilidade dun traballador a un concello distinto daquel en que presta habitualmente os seus servizos, sempre que supoña traslado de centro de traballo superior a 10 quilómetros, poderá producirse polas seguintes causas:

- a) Traslado a petición do traballador, mediante participación nos concursos de traslados que se regulan no capítulo VI do Convenio.
- b) Traslado obrigatorio, nos supostos e nas condicións previstas no artigo 40 do Estatuto dos Traballadores e neste Convenio.

Artigo 25. Traslado obrigatorio.

1. O traslado obrigatorio dos traballadores requirirá a existencia de razóns técnicas, de eficiencia organizativa ou de mellor prestación dos servizos públicos debidamente xustificadas.

No caso de mobilidade xeográfica de carácter individual, esta negociarase coa correspondente Subcomisión Departamental no prazo de quince días desde a súa presentación con carácter previo á adopción da resolución motivadora da decisión. Con posterioridade á dita negociación, a decisión de mobilidade notificaráselle ao traballador afectado e aos seus representantes legais e sindicais cunha antelación mínima de trinta días á data da súa efectividade.

Cando se trate de traslados colectivos, irá precedido do período de consultas cos representantes dos traballadores que se establece no artigo 40 do Estatuto dos Traballadores.

A decisión de traballo deberalle ser notificada pola Administración ao traballador, así como aos seus representantes legais, cunha antelación mínima de trinta días á data da súa efectividade.

2. O traballador, como consecuencia do traslado obrigatorio entre centros de traballo distantes máis de 50 quilómetros ou con cambio de illa e que supoña cambio de residencia, terá dereito a:

- a) O aboamento dos gastos de viaxe del e da súa familia.
- b) Unha indemnización de tres días de axudas de custo polo titular e cada membro da súa familia que efectivamente se traslade.
- c) O pagamento dos gastos de transporte do mobiliario e utensilios.
- d) Unha cantidade a tanto alzado de 1.500.000 pesetas, incrementada nun 20 por 100 polo cónxuxe ou convivente acreditado e por cada fillo, sempre que dependan do traballador.

3. Cando o traslado obrigatorio non reúna as condicións do apartado anterior, o traballador terá dereito, por unha soa vez, ás seguintes indemnizacións, salvo que por parte da Administración se facilite medio de transporte:

De 20 a 35 quilómetros: 225.000 pesetas.
 Máis de 35 quilómetros: 350.000 pesetas.

4. Os traballadores que fosen afectados por un traslado obrigatorio terán preferencia, transcorrido un ano desde o traslado, nos termos que se estableza no respectivo baremo, para ocupar as vacantes de necesaria provisión do seu grupo profesional e área funcional que se produzan na localidade de orixe, provincia ou illa, durante os dous anos inmediatamente seguintes.

Artigo 28. Mobilidade xeográfica temporal.

1. Por razóns técnicas, organizativas ou de prestación de servizo público, a Administración poderá efectuar desprazamentos temporais dos seus traballadores que esixan que estes residan en poboación distinta da do seu domicilio habitual, aténdose en primeiro termo a criterios de voluntariedade.

2. Deberáselles comunicar por escrito ao traballador e aos seus representantes, con quince días de antelación, facendo constar tanto as razóns deste como a duración aproximada do desprazamento, que en ningún caso poderá superar os doce meses.

3. Ao traballador desprazado, ademais das súas retribucións, aboaráselle os gastos de viaxe e axudas de custo, segundo o establecido polo Real Decreto 236/1988, do 4 de marzo, e artigo 78 deste Convenio.

CAPÍTULO VI

Sistema de provisión de vacantes e promoción

Artigo 29. Principios xerais.

1. O ingreso no ámbito do Convenio producirase sempre polo grupo profesional inferior (1, 2, 4, 6 e 8), tendo en conta os seguintes niveis de titulación:

Título de licenciado e equivalente: 1.
 Título de diplomado e equivalente: 2.

Título de bacharelato, bacharelato unificado polivalente (BUP), formación profesional e equivalentes: 3 e 4.

Formación profesional de primeiro grao (FP1), educación secundaria obrigatoria (ESO) e equivalentes: 5 e 6.

Certificado de escolaridade e equivalente: 7 e 8.

Co fin de garantir na medida do posible a promoción interna dos traballadores, o acceso aos postos de traballo dos grupos e, 5 e 7 só se producirá, ademais de polos sistemas de reingreso e traslado, a través dos procesos de promoción interna, agás nos supostos en que se demostrase moi difícil esa cobertura, previo acordo da CIVEA.

2. Os postos de traballo vacantes de persoal laboral a cobertura dos cales sexa necesaria, de acordo coa planificación de recursos humanos da organización, proveranse de acordo cos seguintes procedementos e na seguinte orde:

1º. Reingreso, segundo o establecido no artigo 59 deste Convenio.

2º. Traslado.

3º. Promoción profesional.

4º. Mobilidade entre Administracións Públicas.

5º. Convocatoria libre.

Con carácter previo a todas estas fases, as vacantes por cubrir ofreceránselles aos traballadores afectados pola aplicación dun Plan de Ordenación de Recursos Humanos sempre que o devandito plan o prevea e de acordo co que estableza.

A Administración poderá propoñer motivadamente á CIVEA, logo de informe, se é o caso, da Subcomisión Departamental correspondente, a alteración da dita orde.

Artigo 30. *Traslado.*

1. Os postos de traballo vacantes de necesaria provisión existentes no ámbito do departamento ou organismo público dependente ou vinculado a este serán ofrecidos en concurso de traslado ao persoal fixo do dito ámbito, podendo participar todos os traballadores fixo do deste que estean en activo ou en excedencia voluntaria sen reserva do posto de traballo, sempre que a praza de destino corresponda ao seu grupo profesional ou a un inferior e igual réxime de contratación, e cumpran os requisitos ou aptitudes profesionais esixidos na convocatoria. Existirá unha convocatoria aberta e permanente de traslado que deberá rematar, en todo caso, as súas resolucións antes do 30 de xuño de cada ano.

O calendario dos concursos departamentais será aprobado na correspondente Subcomisión Departamental de acordo coas directrices da CIVEA.

2. As vacantes de necesaria provisión non cubertas de acordo co sinalado no apartado anterior serán ofrecidas en concurso de traslado ao persoal fixo ou excedente voluntario sen reserva do posto de traballo acollido a este Convenio, independentemente do departamento ou organismo público de adscrición. A dita convocatoria terá cando menos carácter anual, esixíndose para participar os mesmos requisitos sinalados no apartado anterior, en canto á

pertenza ao mesmo grupo profesional ou a un inferior e igual réxime de contratación, ademais dos requisitos de titulación ou aptitudes profesionais esixidos na convocatoria.

3. Por necesidades do servizo a Administración poderá suspender a execución do traslado por un tempo máximo de tres meses. No suposto de traballadores de Institucións Penitenciarias que se trasladen, poderase aprazar esta execución ata seis meses.

4. Os baremos para a adxudicación das prazas serán fixados na respectiva convocatoria, non podendo superar os méritos profesionais o 60 por 100, os méritos académicos relacionados co posto por cubrir o 30 por 100, a antigüidade na Administración Xeral do Estado o 30 por 100. O traballador que fose afectado por un traslado obrigatorio terá como mínimo un 50 por 100 de méritos, salvo que no Plan de Ordenación de Recursos Humanos correspondente se dispoña outra cousa. Esta porcentaxe adiciónarase á suma dos puntos obtidos na valoración dos méritos antes citados. En caso de empate nas puntuacións obtidas, a convocatoria dispoñerá a súa resolución, para a que se poderán contemplar circunstancias persoais e familiares.

5. Estes traslados non darán lugar a indemnización ningunha, teñen carácter voluntario e non son renunciabes unha vez adxudicada a praza. O prazo de incorporación será de tres días hábiles se non implica cambio de residencia do traballador ou de 1 mes se implica cambio de residencia ou o reingreso ao servizo activo, debendo permanecer dous anos como mínimo no novo destino antes de volver concursar.

No suposto de optar a un grupo profesional inferior, as retribucións pasarán a ser as do grupo profesional ao que se accede.

6. En determinados casos, e de acordo coa planificación global de recursos humanos, poderanse convocar, logo de informe da CIVEA, concursos de traslados de carácter restrinxido nos que se determinen as vacantes a ofertar e os posibles candidatos en función das localidades e áreas de actividade.

Artigo 31. *Promoción profesional.*

1. A Administración convocará en quenda restrinxida de promoción interna os postos de traballo vacantes non cubertos por outras quendas, salvo que, por causas debidamente motivadas e que deberán ser expostas na CIVEA, aprecie a necesidade de non as convocar. Esta quenda realizarase con carácter xeral no ámbito do Convenio e, con carácter excepcional e previa a aprobación da CIVEA, poderanse aprobar quendas de promoción no ámbito do departamento ou organismo.

Nesta quenda poderán participar todos os traballadores fixos do grupo profesional inmediatamente inferior, sempre que leven dous anos de servizos efectivos no dito grupo profesional e cumpran os requisitos de titulación e cualificación esixidos, podéndose establecer a necesaria superación de probas específicas correspondentes ás funcións propias da actividade.

Naqueles casos en que as prazas de promoción pertencan a un grupo profesional e área funcional en quen non haxa grupo profesional inmediatamente inferior, poderase presentar á promoción o persoal pertencente a esa área funcional desde o seguinte grupo inferior correspondente. Igualmente, por razóns de planificación ou organización, poderá admitirse, logo de informe da CIVEA, a posibilidade de presentación desde un grupo inferior en dous á da praza de promoción convocada aínda que exista un grupo inmediatamente inferior na área funcional da dita praza.

2. Os traballadores fixos, con catro anos de permanencia no mesmo grupo profesional, poderán promocionar nesta quenda ao grupo profesional inmediatamente superior ou, no caso sinalado no parágrafo terceiro do apartado anterior, ao inmediato correspondente, sen necesidade de ter a titulación esixida, sempre que no grupo profesional de acceso se esixa o título inmediatamente superior ao previsto no seu actual grupo profesional. Exceptúanse as prazas dos grupos profesionais 1 e 2 ou cando pertenzan a áreas funcionais ou áreas de actividade nas que esta previsión non resulte axeitada ou cando se trate de funcións o exercicio das cales requira estar en posesión dunha titulación académica ou profesional habilitante.

3. A CIVEA fixará os criterios xerais que deberán rexer os concursos-oposición para a promoción, debendo estarse, en canto aos baremos, conforme ao artigo 30.

Artigo 32. Mobilidade entre Administracións Públicas.

Rematada a quenda de promoción profesional e con cargo ás prazas que vaian ser obxecto de convocatoria libre, poderanse atender peticións de traslado formuladas por traballadores doutras Administracións Públicas. En todo caso, será requisito imprescindible para a concesión deste tipo de traslado que a Administración de orixe teña regulado un sistema de reciprocidade que tamén o permita.

A CIVEA establecerá os criterios de adxudicación das prazas derivadas daquelas peticións e as condicións de integración do dito persoal.

Artigo 33. Convocatoria libre.

As necesidades de persoal laboral que non poidan ser cubertas cos efectivos existentes e a provisión das cales se entenda necesaria por razóns de organización ofertaranse á quenda libre, de acordo coa oferta de emprego público e co previsto neste Convenio.

Reservarase, como mínimo, un 3 por 100 das vacantes convocadas para aspirantes que teñan a condición legal de persoa con minusvalía. Os procesos selectivos conterán as medidas necesarias para remover os atrancos que impidan ou dificulten a plena participación destas persoas en condicións de igualdade.

Artigo 34. Sistema de selección.

Os sistema de selección serán a oposición, o concurso e o concurso-oposición, e rexeranse polos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade de acordo coa lexislación vixente. As vacantes ofertadas na oferta de emprego público serán cubertas preferentemente polo sistema de oposición.

Cando se recorra ao concurso ou ao concurso-oposición, o órgano convocante correspondente fixará a lista de méritos e a súa valoración cos límites, en canto aos baremos, sinalados no artigo 30.

Caso de se utilizar o concurso-oposición, terá que superar a oposición para entrar en fase de concurso.

Artigo 35. Convocatoria.

Os procesos de cobertura de vacantes faranse mediante convocatoria pública seguindo, se os houbese, os criterios xerais fixados pola CIVEA. Na convocatoria terán que constar os seguintes datos:

1. Número e características das prazas.
2. Sistema selectivo, desenvolvemento e valoración.
3. Requisitos esixidos aos candidatos.
4. Baremación, se é o caso.

Artigo 36. *Órganos de selección.*

1. Cada órgano de selección estará composto, como mínimo, por catro representantes da Administración, un dos cales será Presidente e outro actuará como Secretario, e por tres dos traballadores, designados neste caso polos sindicatos representados na CIVEA ou nas Subcomisións Departamentais, en función do ámbito da convocatoria, tendo en conta para efectos da designación dos traballadores o ámbito territorial desta. Se o órgano tivese máis de sete membros, o número de representantes da Administración deberá ser igual ao número de representantes dos traballadores máis un.

2. Os órganos de selección, de acordo co principio de especialidade, poderán solicitar a presenza e colaboración dos especialistas necesarios segundo as características dos postos de traballo convocados e/ou as probas a realizar, os cales se incorporarán a este con voz, pero sen voto.

3. Todos os membros do órgano de selección deberán pertencer a un grupo profesional igual ou superior ao do posto de traballo convocado. No suposto de ser funcionarios, deberán pertencer a grupo de titulación equivalente ou superior.

4. Concluídas as probas selectivas, o órgano de selección remitiralle á autoridade convocante, ordenada de maior a menor polas puntuacións alcanzadas, a relación de aspirantes que obtivesen, cando menos, as cualificacións mínimas esixidas para a superación do proceso, adxudicándose as prazas atendendo á devandita orde de prelación. En ningún caso, o número de contratos que se formalicen poderá exceder do número de prazas convocadas.

Artigo 37. *Período de proba.*

1. O persoal de novo ingreso estará sometido a un período de proba no que non se computará o tempo de incapacidade temporal e cunha duración que será de tres meses para os grupos profesionais 1 e 2 e dun mes para os demais traballadores, agás para o persoal non cualificado, que será de quince días laborables.

2. Transcorrido este período de proba, quedará automaticamente formalizada a admisión, séndolle computado ao traballador este período para todos os efectos.

3. Durante este período, tanto a Administración como o traballador poderán poñer fin á relación laboral, sen que ningunha das partes teña por isto dereito a indemnización ningunha. O traballador terá os dereitos e obrigas correspondentes ao seu grupo profesional e ao posto de traballo que desempeña, como se fose do cadro de persoal. Da fin das relacións laborais reguladas neste artigo informarase aos representantes dos traballadores.

4. Será nulo o pacto que estableza un período de proba cando o traballador desempeñase as mesmas funcións con anterioridade, baixo calquera modalidade de contratación, dentro do ámbito de aplicación deste Convenio.

Artigo 38. *Persoal temporal.*

1. As necesidades non permanentes de persoal atenderanse mediante a contratación de persoal temporal a través da modalidade máis axeitada para a duración e carácter das tarefas que se vaian desempeñar.

2. Os sistemas selectivos para o persoal temporal terán que se graduar na súa utilización en función da duración do contrato. Así, recorrerase aos Servicios Públicos de Emprego para as contratacións previsibles polo seu carácter estacional e sempre que as características das tarefas que se vaian desempeñar así o aconsellen. Corresponderalles aos Servicios Públicos de Emprego a preselección dos candidatos de acordo cos perfís definidos polo órgano convocante, e ao órgano de selección creado para o efecto a selección final dos traballadores.

3. Poderán tamén establecerse relacións de candidatos para a substitución temporal de traballadores, ben a partir de procesos de selección de persoal laboral de carácter fixo ben mediante convocatoria pública para o efecto e, en todo caso, logo da autorización correspondente.

4. Igualmente, poderán utilizarse os procesos selectivos previstos para o persoal laboral de carácter fixo, procedendo a unha simplificación do procedemento que posibilite unha cobertura máis áxil das necesidades.

5. No seo da CIVEA fixaranse os criterios que orientarán a utilización dos diferentes sistemas, así como a vixencia das relacións de candidatos previstas no apartado 3 deste artigo e que en ningún caso poderán superar os tres anos.

6. A Administración seguirá os criterios contidos na Proposición non de Lei do 25 de marzo de 1998, sobre servizos a utilizar polos organismos públicos ou dependentes destes para se dotar de recursos humanos temporalmente.

CAPÍTULO VII

Xornadas e horarios

Artigo 39. *Xornada.*

1. A xornada ordinaria de traballo efectivo será de mil setecentas once (1.711) horas en cómputo anual. A xornada semanal será, con carácter xeral, de 37'5 horas, distribuídas de luns a venres, salvo que non o permita a organización do traballo de cada centro.

2. Para todos os efectos, considerarase traballo efectivo o prestado dentro do horario establecido polo órgano competente e o que corresponde polos permisos retribuídos, así como os créditos de horas retribuídos para funcións sindicais.

3. En determinados supostos poderá establecerse a posibilidade de xornada superior á ordinaria co límite de mil oitocentas vinteseis (1.826) horas en cómputo anual, equivalentes a

corenta horas semanais. Nos ditos supostos, os traballadores terán dereito a percibir os complementos que correspondan.

Artigo 40. *Calendario laboral.*

1. A distribución anual da xornada e a fixación diaria e semanal dos horarios e quendas de traballo do persoal estará en función da natureza do posto e das funcións do centro de traballo, e determinarase a través do calendario laboral que con carácter anual se aprobo previa negociación coa representación sindical polos departamentos e organismos afectados, de conformidade co artigo 34 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e a resolución correspondente á Secretaría do Estado para a Administración Pública. Tenderase a que o calendario laboral estea aprobado antes do 15 de febreiro de cada ano.

2. Poderanse establecer xornadas e horarios especiais nos casos en que o traballo sexa nocturno, a quendas, ou se desenvolva en condicións singulares.

3. De conformidade co disposto no artigo 34.6 do Estatuto dos Traballadores, un exemplar do calendario laboral deberá ser exposto nun lugar visible de cada centro de traballo, podendo acordarse outros instrumentos de publicidade se resultasen necesarios.

Os órganos correspondentes dos distintos Ministerios e organismos velarán polo cumprimento das xornadas, horarios e quendas de traballo establecidos no correspondente calendario laboral.

4. Naqueles casos en que resulte compatible coa natureza do posto e coas funcións do centro de traballo, o traballador poderá solicitarlle ao órgano competente o recoñecemento dunha xornada reducida continua e ininterrompida de cinco horas diarias, percibindo un 75 por 100 do total das súas retribucións. Esta modalidade de xornada reducida será incompatible coas reducións de xornada previstas no artigo 37.5 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. O traballador reintegrarase á xornada normal, coas correspondentes retribucións, no prazo máximo de 1 mes desde o momento en que o solicite.

Artigo 41. *Pausa durante a xornada de traballo.*

Os traballadores incluídos dentro do ámbito subxectivo deste Convenio, sempre que a duración da xornada diaria continuada sexa de, cando menos, cinco horas e media, terán dereito a unha pausa de trinta minutos durante a xornada de traballo computable como de traballo efectivo. Nas xornadas de quenda de noite, os traballadores disfrutarán de dúas pausas de vinte minutos, que non se poderán acumular.

Esta interrupción non poderá afectar á prestación dos servizos e, con carácter xeral, nas actividades que se desenvolven en horario de mañá, poderá efectuarse entre as dez e as once e trinta horas.

Artigo 42. *Xornada de verán.*

Durante o período comprendido entre o 1 de xullo e o 31 de agosto, naqueles centros en que as circunstancias e organización do traballo así o permitan, poderase establecer unha xornada intensiva de traballo, a razón dun mínimo de sete horas continuadas diarias, cunha parte fixa entre as nove e as catorce horas. A redución de xornada así producida recuperarase en cómputo anual, na forma que estableza o correspondente calendario laboral.

Artigo 43. *Comunicación das ausencias.*

As ausencias e faltas de puntualidade e de permanencia do persoal en que se aleguen causas de enfermidade, incapacidade temporal e outras de forza maior, requirirán o aviso o antes posible ao responsable da unidade correspondente, así como a súa ulterior xustificación acreditativa, se procede, que lle será notificada ao órgano competente en materia de persoal.

En todo caso, e sen prexuízo da facultade dos titulares das unidades administrativas de esixir a xustificación documental oportuna, a partir do cuarto día de enfermidade será obrigatoria a presentación do parte de baixa e os sucesivos de confirmación coa periodicidade que regulamentariamente proceda.

Artigo 44. *Mellora das prestacións da Seguridade Social.*

Nos casos de licencia por maternidade ou baixa por incapacidade temporal legalmente declarada, a Administración, durante todo o tempo de permanencia da dita situación, complementará a prestación económica regulamentaria da Seguridade Social ata alcanzar o 100 por 100 do salario establecido neste Convenio.

Artigo 45. *Absentismo.*

A Administración Xeral do Estado potenciará os instrumentos de control e redución do absentismo laboral, a través da adopción, entre outras, de medidas de mellora dos sistemas de medición do absentismo laboral e seguimento deste, realizando os estudos necesarios sobre as causas e adoptando, se é o caso, as medidas que sexan procedentes para a súa redución, procedendo ao desconto automático, calculado conforme ao establecido para o persoal funcionario, das retribucións correspondentes ao tempo non traballado nos casos de falta inxustificada de asistencia e puntualidade, que se comunicará ao traballador. Todo isto efectuarase sen prexuízo das medidas disciplinarias que, se é o caso, puidesen corresponder de acordo co capítulo XIV.

Das medidas que se tomen para reducir o absentismo, a Administración informará puntualmente á CIVEA e, no seu ámbito, ás Subcomisións Departamentais.

Artigo 46. *Horas extraordinarias.*

1. Terán a consideración de horas extraordinarias as que excedan de 37,5 horas semanais ou, se é o caso, as que excedan da xornada contemplada no artigo 39.3 deste Convenio.

2. As horas extraordinarias compensaranse preferentemente co tempo de descanso acumulable a razón de dúas horas por cada unha realizada, agás nos casos de horas nocturnas ou en días festivos cunha compensación que será de dúas horas e media. Se así se pacta, retribuiranse en metálico conforme ao establecido no artigo 75 do Convenio.

Caso de compensación por períodos de descanso, en todos os supostos, esta deberá producirse no prazo dos catro meses seguintes á realización das horas extraordinarias, de conformidade co disposto no artigo 35 do Estatuto dos Traballadores.

3. En ningún caso estas poderán exceder de sesenta horas anuais, agás as razóns xustificadas previstas no artigo 35.3 do Estatuto dos Traballadores.

4. Dentro da política global de creación de emprego, procurarase a redución de horas extraordinarias, correspondendo a iniciativa ao departamento ou organismo, á vista das necesidades das unidades administrativas.

5. Trimestralmente, informarase á CIVEA sobre a realización das horas extraordinarias.

CAPÍTULO VIII

Vacacións, licencias e permisos

Artigo 47. Vacacións.

1. As vacacións anuais retribuídas serán de vintedous días hábiles por cada ano completo de servicio ou en forma proporcional ao tempo de servicios efectivos e disfrutaranse polos traballadores de forma obrigatoria dentro do ano natural e ata o 15 de xaneiro do ano seguinte, de acordo coa planificación que se efectúe por parte da Dirección de cada departamento o organismo, logo de consulta cos representantes dos traballadores. O persoal con contrato que remate no transcurso do ano terá dereito a disfrutar da parte proporcional de vacacións correspondentes, ou ao aboamento destas en caso de non as poder disfrutar. Para estes efectos, os sábados non son considerados días hábiles, agás nos horarios especiais.

2. As vacacións anuais poderanse disfrutar, a solicitude do traballador, ao longo de todo o ano en períodos mínimos de cinco días hábiles consecutivos, sempre que os correspondentes períodos vacacionais sexan compatibles coas necesidades do servicio, e que se establecese na planificación anual efectuada por cada Ministerio ou organismo. Cando se aleguen necesidades do servicio por denegar o disfrute de vacacións nun período determinado, estas necesidades deberanlles ser comunicadas ao interesado e aos representantes dos traballadores por escrito debidamente motivado.

En caso de discrepancia entre traballadores dun centro de traballo para a asignación de quendas vacacionais, procederase a establecer quendas rotatorias.

3. En caso de suspensión do contrato de traballo por maternidade da muller traballadora, cando coincida co período vacacional, poderán disfrutarse as ditas vacacións á conclusión do período de suspensión por maternidade, dentro do ano natural e ata o 15 de xaneiro do ano seguinte.

4. A Administración regulará o procedemento de solicitude para a concesión das vacacións, oída previamente da parte social da CIVEA. Poderán establecerse, de acordo coas correspondentes Subcomisións Departamentais, determinadas preferencias para escoller a quenda de vacacións, aínda que limitadas no número de veces de ser exercitadas, a favor dos traballadores con responsabilidades familiares.

5. No caso de incapacidade temporal, as vacacións anuais quedarán interrompidas e poderán disfrutarse, terminada da dita incapacidade, dentro do ano natural e ata o 15 de xaneiro do ano seguinte.

Artigo 48. Licencias.

1. O persoal que cumprise cando menos un ano de servicios efectivos poderá solicitar licenzia sen soldo por asuntos propios. A concesión da dita licenzia estará supeditada ás necesidades do servizo, e a súa duración acumulada non poderá exceder de tres meses cada dous anos. A petición cursarase cun mes de antelación á data prevista para o seu disfrute e a denegación, se é o caso, deberá ser motivada e resolta no prazo de vinte días desde a súa recepción no órgano competente. Transcorrido o dito prazo sen resolución denegatoria, entenderase estimada.

2. No suposto de que a licenzia se solicite para realizar unha misión en países en vías de desenvolvemento, ao abeiro dunha das organizacións ás que se refire a Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, do Voluntariado, a súa duración acumulada non poderá exceder dun ano cada cinco anos, sendo o período máximo de disfrute continuo de tres meses.

3. O tempo de disfrute das licenzias contempladas neste artigo computará para efectos de antigüidade. Para efectos de cotización na Seguridade Social estarase conforme ao disposto no Real Decreto 2064/1995, do 22 de decembro, e normativa concordante.

Artigo 49. *Permisos.*

O traballador, previo aviso e xustificación axeitada, terá dereito a disfrutar de permisos retribuídos polos tempos e causas seguintes:

a) Quince días naturais en caso de matrimonio.

b) Dous días hábiles en casos de nacemento, acollida ou adopción dun fillo e nos de morte ou enfermidade grave do cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade por matrimonio ou por parella de feito acreditada. Cando os ditos casos se produzan en distinta localidade da do domicilio do traballador, o prazo de licenzia será de catro días, sempre que esta estea cando menos a 40 quilómetros de distancia. No caso de pasamento de cónxuxe, parella de feito ou fillos, o traballador poderá solicitar adicionalmente un permiso non retribuído dunha duración non superior a un mes, con independencia doutros supostos de licenzias sen soldo.

De conformidade cos artigos 915 e seguintes do Código Civil, o parentesco de consanguinidade ata o segundo grao comprende en liña recta descendente a fillos e netos, en liña recta a ascendente a pais e avós e en colateral a irmáns.

O parentesco de afinidade comprende o cónxuxe propio, os cónxuxes dos fillos e netos e os pais daqueles e aos avós e irmáns políticos.

Das situacións de parella de feito acreditada derivarán as mesmas relacións de afinidade.

c) Un día por traslado do domicilio habitual dentro dunha mesma localidade e dous días en distinta localidade.

d) Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal, que non dea lugar a retribución ou indemnización ningunha, a esixencia do cal deberá acreditarse documentalmente e sen que se poida superar, cando se trate dun deber de carácter persoal, a quinta parte das horas laborais en cómputo

trimestral. No suposto de que o traballador perciba retribución ou indemnización polo cumprimento do deber ou desempeño do cargo, descontarse o importe desta do salario a que tivese dereito.

e) No caso da muller traballadora, polo tempo indispensable para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto que se deban realizar dentro da xornada de traballo.

f) Os traballadores poderán asistir á consulta médica durante o horario de traballo acreditando debidamente este extremo co xustificante do servizo sanitario correspondente.

g) As traballadoras, por lactación dun fillo menor de nove meses, terán dereito a unha hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións. A muller, pola súa vontade, poderá substituír este dereito por unha redución da xornada normal en media hora, ao inicio e ao final desta, coa mesma finalidade. Este dereito poderá ser exercido indistintamente polo pai, sempre que demostre que non é utilizado pola nai a un mesmo tempo.

No suposto de adopción ou acollida, se o menor ten menos de nove meses, os traballadores disfrutarán dos mesmos dereitos recollidos no parágrafo anterior, a partir da acollida no seo familiar.

h) Ata seis días cada ano natural, por asuntos particulares non incluídos nos puntos anteriores. Tales días non poderán acumularse en ningún caso ás vacacións anuais retribuídas. O persoal poderá distribuír os ditos días á súa conveniencia, logo de autorización da correspondente unidade de persoal e respectando sempre as necesidades do servizo. Cando por estas razóns non sexa posible disfrutar do devandito permiso antes de rematar o mes de decembro, disfrutarase nos primeiros quince días do mes de xaneiro seguinte.

i) Os días 24 e 31 de decembro. Ao igual que os permisos do apartado anterior, cando a natureza do servizo público impidise a cesación da súa prestación durante estes días, ou no suposto de que tales datas coincidiran con días festivos ou non laborables, o calendario laboral correspondente establecerá fórmulas que permitan a compensación axeitada ao réxime horario aplicable.

CAPÍTULO IX

Formación

Artigo 50. Principios xerais.

O persoal afectado por este Convenio terá dereito a ver facilitada a realización de estudos para obter títulos académicos ou profesionais recoñecidos oficialmente, a realización de cursos de perfeccionamento profesional e o acceso a cursos de capacitación ou reconversión profesional organizados pola propia Administración. Para tal fin, nos plans de formación darase preferencia aos traballadores afectados por procesos de reorganización administrativa, todo isto con participación dos representantes dos traballadores.

En canto sexa posible, manexaranse criterios de descentralización na impartición da formación.

Artigo 51. Plans de formación.

Segundo o establecido no artigo 18 do Acordo de Formación Continua do 23 de decembro de 1996, a Administración, dentro das súas disponibilidades orzamentarias, desenvolverá un plan de formación con fondos propios que se negociará coas organizacións sindicais nos ámbitos departamentais co fin de que os traballadores poidan desenvolver e adquirir novos coñecementos profesionais, adaptándose ás novas tecnoloxías segundo as necesidades da Administración.

Artigo 52. Tempos para a formación.

O tempo de asistencia aos cursos de formación programados por distintos órganos da Administración Xeral do Estado ou organizacións sindicais para a capacitación profesional ou para a adaptación a un novo posto de traballo, comprendidos os inscritos nos plans de formación continua nas Administracións Públicas, consideraranse tempo de traballo para todos os efectos, cando os cursos se realicen dentro do horario laboral dos traballadores e así o permitan as necesidades do servicio. A Administración determinará a asistencia obrigatoria a aquelas actividades formativas necesarias para o bo desempeño das tarefas propias do posto de traballo, particularmente nos procesos de reorganización de efectivos.

Artigo 53. Permisos para a formación.

Para facilitar a formación profesional e o desenvolvemento persoal dos traballadores, concederanse permisos para os seguintes supostos:

- a) Permisos retribuídos para concorrer a exames finais, probas selectivas na Administración e demais probas definitivas de aptitude e avaliación para a obtención dun título académico ou profesional recoñecidos, durante o tempo necesario para a súa celebración e desprazamento, se é o caso.
- b) Permisos, percibindo só o salario base, se é o caso o complemento persoal de unificación, o de antigüidade e o complemento persoal de antigüidade, cun límite máximo de corenta horas ao ano, para a asistencia a cursos de perfeccionamento profesional que se realicen fóra do ámbito da Administración Xeral do Estado e cando o seu contido estea directamente relacionado co posto de traballo ou a correspondente carreira profesional-administrativa, logo de informe favorable do superior xerárquico correspondente.
- c) Permiso non retribuído, dunha duración máxima de tres meses cada dous anos, para a asistencia a cursos de perfeccionamento profesional non directamente relacionados coa función pública, sempre que a xestión do servicio e a organización do traballo o permitan. A denegación deste permiso deberá ser expresa e motivada.

CAPÍTULO X

Incompatibilidades

Artigo 54. Incompatibilidades.

Serán de aplicación ao persoal afectado por este Convenio as normas contidas na lexislación sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

CAPÍTULO XI

Suspensión e extinción do contrato de traballo

Artigo 55. Suspensión con reserva do posto de traballo.

Sen prexuízo do establecido nos artigos 45 e 48 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, os traballadores terán dereito á suspensión do seu contrato, con reserva do seu posto de traballo e cómputo do período para efectos de antigüidade, nos seguintes casos:

a) Maternidade da muller traballadora, por unha duración máxima de dezaseis semanas ininterrompidas ampliables por parto múltiple ata dezoito semanas. O período de suspensión distribuirase a opción da interesada sempre que seis semanas sexan inmediatamente posteriores ao parto, podendo facer uso destas o pai para o coidado do fillo en caso de falecemento da nai.

Malia o anterior, no caso dunha nai e o pai traballen, aquela, ao iniciarse ao período de descanso por maternidade, poderá optar porque o pai disfrute de ata catro das últimas semanas de suspensión, sempre que sexan ininterrompidas e ao final do devandito período, salvo que no momento da súa efectividade a incorporación ao traballo da nai supoña risco para a súa saúde.

No suposto de adopción e acollemento, se o fillo adoptado ou acollido é menor de nove meses, a suspensión terá unha duración máxima de dezaseis semanas contadas, á elección do traballador, ben a partir da decisión administrativa ou xudicial de acollemento, ben a partir da resolución xudicial pola que se constituía a adopción. Se o fillo adoptado ou acollido é maior de nove meses e menor de cinco anos, a suspensión terá unha duración máxima de seis semanas. No caso de que o pai e a nai traballen, só un deles poderá exercer este dereito.

b) Cumprimento do servizo militar, obrigatorio ou voluntario, ou prestación social substitutoria equivalente, con reincorporación ao traballo no prazo máximo dun mes, a partir do remate do servizo, dando lugar en caso de non efectuar a solicitude de reingreso ao pase á situación de excedencia voluntaria por interese particular por un período mínimo de dous anos.

c) Privación de liberdade do traballador, mentres non exista sentenza condenatoria firme, incluídas tanto a detención preventiva como a prisión provisional.

d) Prestación de servizos de carácter temporal en organismos internacionais ou en programas de cooperación internacional. O traballador deberá reincorporarse ao traballo no prazo máximo dun mes, a partir do remate do servizo, dando lugar en caso de non efectuar a solicitude de reingreso ao pase á situación de excedencia voluntaria por interese particular por un período mínimo de dous anos.

e) Nomeamento de alto cargo polos Gobernos da nación, das comunidades autónomas ou da Administración Local ou incorporación co nomeamento como persoal eventual,

nos seus respectivos ámbitos, dos Ministros ou dos Secretarios de Estado. Dentro dos trinta días seguintes ao cesamento, o persoal afectado conservará o dereito á proseguição da situación que tivese antes do nomeamento, así como a reintegrarse ao posto de traballo, dando lugar en caso de non efectuar a solicitude de reingreso ao pase á situación de excedencia voluntaria por interese particular por un período mínimo de dous anos.

f) Suspensión provisional de emprego durante a tramitación de expediente disciplinario e suspensión disciplinaria por sanción.

g) O nomeamento do traballador como funcionario en prácticas, así como o período de proba ou de práctica establecido legal ou convencionalmente que se esixa para consolidar unha praza de persoal laboral en calquera Administración Pública.

h) Invalidez permanente do traballador que vaia ser previsiblemente obxecto de revisión por mellora que permita a súa reincorporación ao posto de traballo, de conformidade co disposto no artigo 48.2 do Estatuto dos Traballadores.

Artigo 56. *Excedencia voluntaria.*

a) Por interese particular:

A excedencia voluntaria por interese particular poderá ser solicitada polos traballadores cun ano, cando menos, de antigüidade ao servizo da Administración do Estado.

A solicitude deberá cursarse como mínimo cun mes de antelación á data do inicio do disfrute da excedencia. O acordo adoptado por parte da Administración deberá emitirse no prazo de trinta días e comunicárselles ao interesado e á representación dos traballadores. A duración desta situación non poderá ser inferior a un ano e o dereito a esta situación só poderá ser exercido outra vez polo mesmo traballador se transcorresen tres anos desde o final da anterior excedencia voluntaria.

Non se poderá declarar a solicitude do traballador cando a este se lle instrúa expediente disciplinario, durante a súa tramitación e ata que non cumprise a sanción que, se é o caso, se lle impuxese.

b) Para o coidado de fillos, cónxuxe, ascendentes e descendentes:

1. Os traballadores terán dereito a un período de excedencia para atender ao coidado de cada fillo, tanto cando o sexa por natureza como por adopción, a contar desde a data de nacemento deste ou da resolución xudicial pola que se constituía a adopción. Cando o pai e a nai traballen, só un deles poderá exercer este dereito. A excedencia poderá solicitarse en calquera momento posterior á data da nacemento ou resolución xudicial de adopción, tendo en todo caso unha duración máxima de tres anos desde a data de nacemento. Se o fillo é diminuído físico ou psíquico, e sempre que sexa debidamente acreditado, a duración da excedencia poderá ser de ata cinco anos.

A concesión desta excedencia farase previa declaración do petionario de que non desempeña actividade que poida impedir ou menoscabar o coidado persoal do fillo menor.

Cada sucesivo fillo dará dereito a un novo período de excedencia que, se é o caso, poñerá fin ao que se viñese disfrutando.

Os traballadores desta situación terán dereito á reserva do posto de traballo durante o primeiro ano. Transcorrido este primeiro ano, a reserva serao a un posto do mesmo grupo profesional na mesma localidade. O período en que o traballador permaneza en situación de excedencia será computable para efectos de antigüidade e para a solicitude de excedencia voluntaria por interese particular, e o traballador terá dereito á asistencia a cursos de formación, especialmente con ocasión da súa reincorporación.

Se antes do remate do período do excedencia por coidado de fillos non solicita o reingreso ao servizo activo, con quince días de antelación, o traballador será declarado de oficio na situación de excedencia voluntaria por interese particular por un período mínimo de dous anos.

2. Para efectos dos disposto neste artigo, o acollemento de menores producirá os mesmos efectos que a adopción durante o tempo de duración deste.

3. Os traballadores terán dereito a pasar á situación de excedencia para atender o coidado persoal do seu cónxuxe, persoa coa que convivan maritalmente e ascendentes ou descendentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que o precisen por causa de incapacidade ou enfermidade grave debidamente acreditadas e por un período máximo de tres anos.

Os traballadores terán dereito a que se lles compute o tempo de permanencia nesta situación de excedencia para efectos de antigüidade e a reingresar ao servizo activo na mesma localidade en que prestaban servizos ao pasar a ela.

c) Por aplicación da normativa de incompatibilidades: quedará nesta situación o traballador que, como consecuencia da aplicación da normativa de incompatibilidades, opte por un posto de traballo distinto do que desempeña no ámbito deste Convenio, mesmo cando non cumprise un ano de antigüidade no servizo, podendo permanecer indefinidamente nesta situación mentres persistan as causas de incompatibilidade.

d) Por agrupación familiar: poderá concederse a excedencia voluntaria por agrupación familiar, cunha duración mínima de dous anos e máxima de quince, aos traballadores con cónxuxe ou convivente acreditado que resida noutra provincia ou illa por obter e estar desempeñando un posto de traballo de carácter indefinido, como funcionario de carreira ou como contratado laboral, en calquera Administración Pública, organismo público ou entidade xestora da Seguridade Social, así como en órganos constitucionais ou do Poder Xudicial.

Antes de rematar o período de quince anos de duración desta situación, deberase solicitar o reingreso ao servizo activo, declarándose, de non o facer, de oficio a situación de excedencia voluntaria por interese particular.

Artigo 57. Efectos da excedencia voluntaria sobre a antigüidade e a promoción.

Aos traballadores en situación de excedencia voluntaria, agás nos casos de excedencia para o coidado de fillos, cónxuxe, ascendentes e descendentes, non lles será computable o tempo da súa vixencia para efectos de antigüidade nin promoción. En ningún caso darán dereito á percepción de dereitos económicos.

Artigo 58. Excedencia forzosa.

1. A excedencia forzosa, que dará dereito á reserva do posto de traballo e ao cómputo para efectos de antigüidade de todo o tempo pasado nesta, concederase pola designación ou elección para un cargo público ou función sindical electiva, de acordo cos Estatutos do sindicato, de ámbito provincial ou superior, que imposibilite a asistencia ao traballo. O reingreso deberá ser solicitado dentro do mes seguinte ao cesamento no cargo público ou función sindical, producíndose a reincorporación inmediatamente. En caso de non se efectuar a solicitude de reingreso no devandito prazo, o traballador pasará á situación de excedencia voluntaria ou por interese particular por un período mínimo de dous anos.

2. Estará nesta situación o persoal que solicite o reingreso ao servizo activo unha vez cumprida a pena de suspensión de emprego ou cargo público, e non lles sexa concedido no prazo de seis meses.

Os excedentes forzosos terán neste suposto dereito á percepción do salario base, pagas extraordinarias, antigüidade e, se é o caso, o complemento persoal de unificación e o complemento persoal de antigüidade.

3. Tamén se producirá a excedencia forzosa cando exista privación de liberdade por sentenza condenatoria firme, sen prexuízo de que por expediente disciplinario se adopten as medidas correspondentes ou que a sentenza condene a pena de inhabilitación.

Os traballadores nesta situación que soliciten o reingreso, e non se lles conceda no prazo de seis meses, terán dereito á percepción do salario base, pagas extraordinarias, antigüidade e, se é o caso, o complemento persoal de unificación e o complemento persoal de antigüidade.

4. No suposto de que, de conformidade coa lexislación correspondente, o traballador privado de liberdade puidese acceder ao terceiro grao penitenciario, a petición deste procederase ao seu reingreso de acordo co disposto para a excedencia voluntaria a fin de facilitar o acceso á dita situación penitenciaria. Se no prazo de seis meses desde a concesión do reingreso non se fixese efecto o pase ao terceiro grao penitenciario, volverá automaticamente á situación de excedencia forzosa.

5. Os excedentes forzosos non poderán desempeñar actividades no sector público baixo ningún tipo de relación funcional ou contractual, sexa de natureza laboral ou administrativa, salvo os susceptibles de autorización de acordo co disposto no réxime de incompatibilidades. A obtención dun posto de traballo ou a realización dunha actividade no dito sector determinará o pase á situación de excedencia voluntaria por aplicación da normativa de incompatibilidades.

Artigo 59. Reingresos.

O traballador que solicite o seu reingreso tras unha excedencia terá dereito a ocupar a primeira vacante a cobertura da cal resulte necesaria que se produza de igual grupo profesional, área funcional e, se é o caso, titulación e especialidade, ás súas sempre que non estea comprendida entre as prazas ofrecidas en concurso de traslado ou de promoción. Se non existise

vacante no seu grupo e si a houberse en grupo profesional inferior, dentro da súa área funcional, poderá optar a esta ou ben esperar a que se produza aquela.

No suposto de que optase por ocupar vacante de inferior grupo profesional, percibirá as retribucións correspondentes a esta, mantendo a opción a ocupar a vacante que se produza no seu grupo profesional.

Artigo 60. Extinción do contrato de traballo.

1. O contrato de traballo extinguirase nos supostos establecidos no artigo 49 do Estatuto dos Traballadores.

2. Nos supostos de despedimentos disciplinarios declarados improcedentes por razóns de fondo, se a Administración optase pola indemnización deberá informar da decisión adoptada ante a Subcomisión Departamental no prazo de cinco días desde a notificación da sentenza. Semestralmente, deberá dar conta á CIVEA dos supostos destes despedimentos.

Artigo 61. Xubilación.

Con carácter xeral, a xubilación será obrigatoria ao cumprir o traballador os sesenta e cinco anos de idade.

A idade de xubilación establecida con carácter xeral no parágrafo anterior non impedirá que todo traballador poida completar os períodos de carencia para a xubilación, supostos nos que esta se producirá ao completar o traballador os ditos períodos de carencia na cotización da Seguridade Social.

Cumpridos os sesenta anos, o traballador poderá solicitar a xubilación anticipada sempre que cumpra os requisitos establecidos na lexislación vixente.

Os traballadores poderán xubilarse voluntariamente ao cumpriren os sesenta e catro anos de idade na forma e coas condicións establecidas no Real Decreto 1194/1985, do 17 de xullo. De acordo coas limitacións das Leis de Orzamentos e normativa concordante, a Administración só poderá levar a cabo a contratación necesaria para substituír o traballador que solicite a xubilación nos casos en que se xustifique a urxencia e necesidade da substitución do traballador.

CAPÍTULO XII

Saúde laboral e acción social

Artigo 62. Principios xerais.

Tendo en conta que o tratamento dado a esta materia debe ser homoxéneo e conxunto para todos os empregados públicos, independentemente de cal sexa o seu réxime xurídico, aplicarase no ámbito deste Convenio a regulación e os acordos vixentes en cada momento sobre esta, no ámbito da Administración.

Artigo 63. Saúde laboral. Principios xerais.

1. De conformidade co disposto na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, e normativa de desenvolvemento desta, os empregados públicos teñen dereito a unha protección eficaz en materia de saúde e seguridade no traballo, así como un deber correlativo de observar e poñer en práctica as medidas que se adopten legal ou regulamentariamente co fin de garantir a prevención fronte aos riscos laborais. Os dereitos de información, consulta e participación en materia preventiva, paralización da actividade en casos de risco grave e inminente, e vixilancia do seu estado de saúde forman parte do dereito dos traballadores a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.

2. O devandito dereito supón a existencia dun deber das Administracións Públicas de garantir unha protección dos empregados públicos aos seu servicio fronte aos riscos laborais, para o cumprimento do cal a Administración Xeral do Estado, no marco das súas responsabilidades, realizará a prevención dos riscos laborais mediante a adopción de cantas medidas sexan necesarias para a protección da seguridade e a saúde dos empregados públicos, coas especialidades establecidas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, e as súas disposicións de desenvolvemento, en materia de avaliación de riscos, información, consulta, participación e formación dos traballadores, actuación en casos de emerxencia e de risco grave e inminente, vixilancia da saúde e mediante a organización dos recursos necesarios para o desenvolvemento das tarefas preventivas.

Artigo 64. Medios e equipos de protección persoal.

Os departamentos e organismos facilitaranlles aos traballadores os medios e equipos de protección persoal axeitados aos traballos que realicen. As Subcomisións Departamentais participarán na determinación dos criterios xerais sobre a dotación dos ditos medios e equipos.

Artigo 65. Mobilidade funcional por incapacidade laboral.

No caso de declaración dunha incapacidade laboral permanente total, a Administración procederá, a petición do traballador e previas as actuacións e coas garantías establecidas no artigo 25 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, ao cambio de posto de traballo por outro máis axeitado á situación do traballador dando lugar con isto a unha novación do contrato. Este cambio de posto de traballo comunicáraselles aos representantes dos traballadores.

Os complementos de posto e aqueloutros que retribúan unha maior cantidade ou calidade no traballo, percibiranse de conformidade coas retribucións que correspondan ao novo posto de traballo, sen prexuízo do mantemento en cómputo anual das retribucións básicas e, se existe, o complemento persoal de unificación, percibindo, se é o caso, un complemento persoal.

Se o traballador non exercese este dereito, mediante a correspondente solicitude, no prazo de dous meses a partir da notificación da resolución no Instituto Nacional da Seguridade Social pola que é declarado na situación de incapacidade laboral permanente total, extinguirase a relación laboral, sen prexuízo do disposto no artigo 48.2 do Estatuto dos Traballadores.

Artigo 66. Outras formas de mobilidade.

1. Por diminución de capacidade: a mobilidade por diminución da capacidade do traballador para o desempeño do seu posto de traballo poderase levar a cabo a petición do traballador ou por decisión da Administración, despois de informe do servizo médico designado pola Administración, a postos de traballo de igual ou inferior grupo profesional. Cando as circunstancias así o requiran, será precisa a previa formación profesional para adaptar o

traballador ao seu novo posto de traballo, que será facilitada pola Administración. Estas peticións serán tramitadas e resoltas pola Administración logo de acordo previo da Subcomisión Departamental correspondente.

2. Por razóns obxectivas: a Administración poderá conceder traslados por razóns de saúde e posibilidades de rehabilitación do traballador, cónxuxe ou fillos a cargo do traballador, tras informe do servizo médico designado pola Administración. Os ditos traslados estarán condicionados á existencia de vacantes. Estas peticións serán tramitadas pola Administración logo de acordo previo da Subcomisión Departamental correspondente.

Artigo 67. Mobilidade funcional para protección á maternidade.

Co fin de garantir a protección efectiva da nai e o feto durante o embarazo, fronte ás condicións nocivas para a súa saúde, terase dereito á adaptación das condicións ou do tempo ou quenda de traballo, ou, se é o caso, ao cambio temporal de posto de traballo ou de funcións, tras informe ou recomendación dos servizos médicos da Administración.

O disposto no apartado anterior será tamén de aplicación durante o período de lactación, se as condicións de traballo puidesen influír negativamente na saúde da muller o do fillo, e en tal sentido existise informe ou recomendación dos servizos médicos da Administración.

Todo o anterior se levará a cabo despois das actuacións e coas garantías establecidas no artigo 26 do Lei de Prevención de Riscos Laborais.

A Administración deberá comunicar estes cambios con carácter previo aos representantes dos traballadores.

Artigo 68. Garantías de cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais nos supostos do artigo 42 do Estatuto dos Traballadores.

A Dirección do centro, cando contrate ou subcontrate con outras empresas a realización de obras ou servizos correspondentes á propia actividades e que se desenvolvan no seu propio centro de traballo, vixiará o cumprimento polos ditos contratistas e subcontratistas da normativa de prevención de riscos laborais.

Para tal efecto, esixiránelles ás empresas contratistas os plans de seguridade e saúde na empresa, así como a formación básica dos traballadores en materia de seguridade.

Os fabricantes, importadores e subministradores deberanlle proporcionar ao centro, e este solicitar daqueles, a información necesaria para que a utilización e manipulación da maquinaria, equipos, produtos, materias primas e ferramentas de traballo se produzan sen risco para a seguridade e saúde dos traballadores.

Artigo 69. Acción social.

1. En cada un dos departamentos e organismos públicos abordarase a posta en marcha dun Plan de Acción Social para todo o persoal dependente deste, o contido do cal contemplará as áreas de actuación sinaladas no Plan Xeral de Acción Social.

Para tal fin, cada departamento e/ou organismo contará coa porcentaxe de masa salarial global que lle corresponda en función das retribucións dos seus efectivos.

2. As centrais sindicais con representación na Subcomisión Departamental participarán na Comisión ou Comisións de Acción Social do departamento ou organismo, e corresponderalles:

- a) Efectuar propostas de actuación.
- b) Fornecer criterios para o desenvolvemento das distintas accións.
- c) Realizar o seguimento e avaliación do plan.

CAPÍTULO XIII

Estructura salarial

Artigo 70. *Principios xerais.*

Considérase salario a totalidade das percepcións económicas dos traballadores, en diñeiro ou especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, xa os períodos computables como de traballo.

Artigo 71. *Estructura salarial e clasificación.*

A estrutura salarial regulada neste capítulo aplícase ao persoal clasificado de acordo co establecido no capítulo 4 do convenio, segundo o encadramento contemplado no anexo I.

Artigo 72. *Estructura retributiva.*

1. A estrutura retributiva deste Convenio é a seguinte:

- A) Salario base.
- B) Pagas extraordinarias.
- C) Outras retribucións de carácter persoal:
 - 1. Antigüidade.
 - 2. Complemento persoal de antigüidade.
 - 3. Complemento persoal de unificación.
 - 4. Complementos persoais absorbibles.
- D) Complementos salariais:
 - 1. Complementos de posto de traballo.
 - 2. Complementos por cantidade ou calidade de traballo.
 - 3. Complementos de residencia.
- E) Percepcións non salariais: indemnizacións e suplidos.
- F) Retribución en especie.

2. O salario base, as pagas extraordinarias, a antigüidade, o complemento persoal de antigüidade, o complemento persoal de unificación e o valor das horas extraordinarias actualizaranse anualmente, e con efectos do 1 de xaneiro, na porcentaxe de incremento xeral de retribucións que se fixe para todos os empregados públicos da Administración Xeral do Estado.

Artigo 73. *Salario base.*

É a parte de retribución do traballador fixada por unidade de tempo que se percibe en doce mensualidades e cunha contía que aparece determinada para cada un dos grupos profesionais no anexo II.

Artigo 74. Pagas extraordinarias.

Os traballadores acollidos a este Convenio percibirán dúas gratificacións extraordinarias que se producirán na contía dunha mensualidade de salario base, antigüidade e, se é o caso, complemento persoal de antigüidade consolidada, e que se aboará nos meses de xuño e decembro.

Para efectos do cómputo do pagamento destas gratificacións, entenderase que a de xuño retribúe o período comprendido entre o 1 de decembro e o 31 de maio, e a correspondente a decembro, o período de servicios entre o 1 de xuño e o 30 de novembro.

Ao traballador que ingresase ou cesase no transcurso do ano, aboarásele a gratificación extraordinaria proporcionalmente ao tempo de servicios prestados do semestre de que se trate, computándose a fracción dun mes como mes completo.

Os traballadores que presten os seus servicios en xornada inferior á normal ou por horas teñen dereito a percibir as devanditas gratificacións en proporción á xornada que efectivamente realicen.

Artigo 75. Outras retribucións de carácter persoal e complementos salariais.

1. Antigüidade: a partir do 1 de xaneiro de 1999 reconecerase un complemento de antigüidade, constituído por unha cantidade fixa de 3.579 pesetas mensuais que se aboarán a partir do día primeiro do mes en que se cumpran tres ou múltiplos de tres anos continuados de relación laboral prestando servicios efectivos no ámbito de aplicación deste Convenio.

As cantidades totais percibidas ata o 31 de decembro de 1998 por cada traballador en concepto de antigüidade (tanto conxelada como nova) pasarán a constituír un complemento persoal de antigüidade.

Para efectos do cómputo de tempo dos novos trienios a aboar, considerarase como data inicial a do reconecemento do último vencemento do complemento de antigüidade perfeccionado.

Para efecto de antigüidade, teranse en conta os servicios prestados como funcionario de carreira, funcionario interino, contratado laboral fixo, contratado interino, contratado eventual ou contratado administrativo ao abeiro da Lei de Funcionarios Civís do Estado, o texto articulado da cal aprobouse polo Decreto 315/1964, do 7 de febreiro, polos traballadores no ámbito de aplicación deste Convenio. O reconecemento dos ditos servicios terá, tamén, efectos a partir do 1 de xaneiro de 1999.

2. Complemento persoal de antigüidade: este complemento estará constituído polo importe que en concepto de antigüidade (tanto nova como conxelada) puidese ter reconecido ata o 31 de decembro de 1998 o persoal acollido ao ámbito de aplicación deste Convenio.

3. Complementos de posto de traballo: son aqueles que deben percibir os traballadores cando as características do seu posto de traballo comporten concepción distinta da

considerada con carácter xeral para determinar o salario base dos grupos profesionais, segundo as definicións dadas aos ditos grupos neste convenio.

Estes complementos son de índole funcional e a súa percepción depende exclusivamente do exercicio da actividade profesional no posto asignado, ou da permanencia das circunstancias indicadas, polo que non terán carácter consolidable.

Terán tal consideración os seguintes:

3.1. Complemento singular de posto:

3.1.1. É aquel que perciben os traballadores no seu posto de traballo cando concorren factores ou condicións distintas das previstas na definición dos grupos profesionais contida nos artigos 16 e 17 deste Convenio e que serviron para a determinación dos distintos niveis do salario base, ou cando aqueles factores ou condicións se presentan con maior intensidade como: especial responsabilidade ou cualificación, mando ou xefatura de equipo, atención ao público e as singularidades deste que se recoñezan. Así mesmo, considéranse aquí os factores que fan referencia ás condicións xeográficas ou climáticas onde se desenvolve a actividade: illamento, montaña, embarque.

3.1.2. A valoración destas condicións e as asignacións deste complemento aos postos de traballo, así como a determinación das súas contías serán obxecto de negociación colectiva na Comisión de Interpretación, Vixilancia, Estudos e Aplicación do Convenio, a proposta da Subcomisión Departamental.

As relacións de postos de traballo de persoal laboral incluírán as contías deste complemento.

3.2. Complementos polo desempeño do traballo en horario ou xornada distinta da habitual: son todos aqueles complementos actualmente existentes, ou que se poden crear no futuro, no ámbito de cada Departamento ou organismo público, e que, con denominacións idénticas ou similares, responden aos tipos que se indican a seguir:

3.2.1. Complemento ou plus de traballo nocturno ou nocturnidade: retribúe o traballo realizado entre as dez da noite e as seis da mañá, salvo cando o salario se establecese atendendo a que o traballo sexa nocturno pola súa propia natureza ou se acordase a compensación deste traballo por descansos.

3.2.2. Complemento de turnicidade: retribúe a prestación de servizos en réxime de quendas, cando así se estableza.

3.2.3. Complemento de dispoñibilidade horaria: retribúe a prestación do traballo en réxime de flexibilidade horaria, mañá e/ou tarde, para adaptar os tempos de traballo ás especiais características de determinados servizos.

3.2.4. Complemento de xornada partida: retribúe a realización do traballo en réxime de xornada partida.

3.2.5. Complemento de obra: retribúe os postos de traballo nos que, de forma permanente, se realizan labores de campo e, por isto, debe axustar a súa xornada e

horarios de traballo ás necesidades impostas pola organización e o desenvolvemento das obras públicas.

A súa percepción é incompatible co reporte de horas extraordinarias e cos complementos de dispoñibilidade horaria, de xornada partida ou con calquera complemento que teña a súa orixe na realización doutras xornadas especiais, así como coa percepción dos gastos de manutención previstos no Real Decreto 236/1988, do 4 de marzo, agás cando se realice unha comisión de servizos das previstas no devandito Real Decreto.

3.2.6. Outros complementos relacionados coa realización dun horario ou xornadas especiais distintas da habitual como, por exemplo, a realización do traballo en domingos e festivos, sempre que esas situacións non estean recollidas ou contempladas nos complementos dos apartados anteriores.

Estas denominacións e definicións teñen un carácter simplemente indicativo e poden presentarse de forma illada ou combinada, agás no caso das incompatibilidades que se especifican.

As contías iniciais de todos os complementos do apartado 3.2, así como as súas denominacións, definicións, requisitos e sistemas de recoñecemento, serán os vixentes no ámbito de cada Departamento ou organismo público con carácter previo á entrada en vigor deste Convenio.

Na disposición adicional cuarta relaciónanse os complementos salariais actuais que pertencen ao tipo de complementos contemplados no apartado 3.2 deste artigo.

Calquera modificación sobre o réxime e características actuais destes complementos, que deberá respectar, en todo caso, a natureza e as circunstancias que remuneran, así como as limitacións establecidas no Estatuto dos Traballadores e no Real Decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, terá que ser aprobada pola Comisión de Interpretación, Vixilancia, Estudio e Aplicación do Convenio a proposta e tras negociación da Comisión Departamental.

4. Complementos por cantidade ou calidade de traballo: son todos aqueles que se perciben en función da realización circunstancial dunha maior xornada de traballo, do rendemento, do desempeño dos postos de traballo e da consecución de determinados obxectivos ou resultados. Poderán adoptar algunha das modalidades xerais:

4.1. Horas extraordinarias: as horas extraordinarias que non se compensen con tempo de descanso, conforme ao disposto no artigo 46 deste Convenio, remuneraranse cun valor único para cada grupo profesional.

O valor da hora extraordinaria é o seguinte:

Grupo 1: 3.304 pesetas.

Grupo 2: 2.737 pesetas.

Grupo 3: 2.292 pesetas.

Grupo 4: 2.102 pesetas.

Grupo 5: 1.932 pesetas.

Grupo 6: 1.800 pesetas.

Grupo 7: 1.725 pesetas.

Grupo 8: 1.631 pesetas.

4.2. Productividade ou incentivos de produción: son todos aqueles complementos actualmente existentes, ou que se poden crear no futuro, no ámbito de cada Departamento ou organismo público e que, con denominacións idénticas ou similares, se perciben en función do rendemento no desempeño dos postos de traballo e/ou pola consecución de certos obxectivos ou resultados, a determinar polos respectivos departamentos ou organismos públicos.

Calquera modificación sobre o réxime e características actuais destes complementos terá que ser aprobada pola Comisión de Interpretación, Vixilancia, Estudo e Aplicación do Convenio a proposta da Subcomisión Departamental.

5. Complemento persoal de unificación: os traballadores que veñan percibindo pola suma dos conceptos que se integran no salario base, polas pagas extraordinarias, agás os seus compoñentes de antigüidade, e como complemento persoal non absorbible, unha contía en termos anuais superior á que corresponde en aplicación deste convenio pola suma dos conceptos de salario base e pagas extraordinarias, agás os seus compoñentes de antigüidade, percibirán un complemento persoal de unificación por unha contía igual á diferenza entre os resultados de ambas as sumas, de acordo coa fórmula seguinte:

$$\text{CPU} = [\text{SBc} + (\text{Pec} - \text{Ac}) + \text{Cpc} + \text{CPNA}] - [\text{Sbcu} + (\text{PEcu} - \text{Acu})]$$

Onde:

CPU = Complemento Persoal de Unificación.

SBc = Salario Base anual que se percibía conforme ao convenio colectivo anterior.

PEc = Pagas extraordinarias que se percibían conforme ao convenio colectivo anterior.

Ac = Compoñentes de Antigüidade das pagas extraordinarias que se percibían conforme ao convenio colectivo anterior.

Cpc = Complementos ou Pluses na súa contía anual que se percibían conforme ao convenio colectivo anterior e que se integraron no Salario Base do Convenio Único.

CPNA = Complementos persoais non absorbibles na súa contía anual que se viñesen percibindo, exceptuados os complementos persoais de antigüidade e/ou residencia.

Sbcu = Salario Base anual que corresponde percibir polo Convenio Único.

PEcu = Pagas extraordinarias que corresponden percibir polo Convenio Único.

Acu = Compoñentes de Antigüidade das Pagas extraordinarias que corresponde percibir polo Convenio Único.

Naqueles supostos previstos no apartado 2 da disposición adicional segunda nos que se recoñece un complemento singular de posto, minorarase polo importe do dito complemento a contía do CPU resultante da aplicación da fórmula establecida neste artigo.

A contía anual resultante percibirase en doce mensualidades do mesmo importe.

Este complemento será absorbible cos incrementos salariais que se puidesen producir por riba dos previstos con carácter xeral para todos os empregados públicos nos Orzamentos Xerais do Estado e os derivados dos cambios voluntarios de posto de traballo cando impliquen ascenso de grupo profesional.

As minoracións antes indicadas practícaranse, pola diferenza que corresponda, unha vez levadas a efecto as absorcións previstas no punto 7 deste artigo.

6. Complementos de residencia: o persoal laboral deste Convenio percibirá un complemento de residencia, cando estea destinado en Canarias, Ceuta ou Melilla, nas porcentaxes do salario base que se expresan a seguir:

Ceuta e Melilla: 25 por 100.

Gran Canaria e Tenerife: 10 por 100.

Outras illas do arquipélago canario: 25 por 100.

Non se considerarán para efectos do seu cálculo as pagas extraordinarias, a antigüidade, o complemento persoal de antigüidade, nin calquera outra retribución de carácter persoal, nin os complementos salariais. Os traballadores residentes nas ditas cidades ou illas que, en aplicación de anteriores convenios, teñan establecidas condicións máis favorables que as sinaladas anteriormente percibirán o complemento de residencia que viñesen reportando, co incremento que estableza, se é o caso, a Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Para os traballadores do resto do estado español que viñesen percibindo complementos de residencia, manterase este complemento nas súas actuais contías, como complemento persoal non absorbible, mentres se manteña a residencia que causa o seu reporte.

7. Complementos persoais absorbibles: cando un traballador viñese percibindo no seu convenio colectivo de orixe un complemento persoal transitorio, operará a compensación e absorción previstos no artigo 26.5 do Estatuto dos Traballadores sobre o exceso das retribucións, de acordo coa orde e regras seguintes:

a) Absorción do 50 por 100 de incremento que experimente o salario base, incluída a parte de pagas extraordinarias, por aplicación da porcentaxe xeral establecida na Lei de Orzamentos Xerais do Estado como límite de crecemento da masa salarial.

b) Absorción do 100 por 100 do exceso de incremento que experimente o salario base - incluída a parte de pagas extraordinarias- sobre a porcentaxe xeral establecida na Lei de Orzamentos Xerais do Estado como límite de crecemento da masa salarial.

c) Absorción do 100 por 100 dos incrementos derivados de cambio de posto de traballo que implique ou non ascenso de grupo profesional, recoñecemento de novos pluses ou complementos de posto de traballo, a excepción dos contemplados no apartado 3.2 deste artigo, ou establecemento de novos conceptos retributivos de carácter fixo e periódico.

Artigo 76. Retribución nos supostos de xornada inferior á ordinaria ou por horas.

Os traballadores que presten os seus servizos en xornada inferior á ordinaria ou por horas percibirán o salario base, as pagas extraordinarias, a antigüidade e o complemento singular do posto en proporción á xornada que efectivamente realicen. O resto dos conceptos retributivos calcularanse conforme ás normas reguladoras destes. Non será de aplicación para estes efectos o establecido no artigo 77.

Artigo 77. Cálculo das deducións.

Para practicar as deducións de percepcións previstas no artigo 45 do Convenio, así como nos casos de reingresos ou excedencias e, en xeral, nos supostos de dereitos económicos que se deban liquidar por días ou con redución ou dedución proporcional de retribucións, aplicaranse as mesmas regras de cálculo previstas na normativa vixente para os funcionarios públicos.

Artigo 78. *Percepcións non salariais: indemnizacións ou suplidos.*

Enténdense por tales: o quebranto de moeda, as percepcións por desgaste de ferramentas ou para a adquisición de pezas de roupa de traballo, os pluses de distancia e de transportes urbanos, os gastos de locomoción e as axudas de custo de viaxe. Estes últimos están regulados no Real Decreto 236/1988, do 4 de marzo, sobre indemnizacións por razón do servicio, no que respecta ás causas, condicións e contías das súas percepcións, así como aos réximes de xustificación daquelas, de acordo coa seguinte táboa:

Niveis profesionais	Grupos para efectos de indemnización por razón do servicio
1 e 2	II
3 e 4	III
5, 6, 7 e 8	IV

Artigo 79. *Retribución en especie.*

As retribucións en especie someteranse ao establecido na lexislación vixente nesta materia.

CAPÍTULO XIV

Réxime disciplinario

Artigo 80. *Graduación das faltas.*

1. Os traballadores poderán ser sancionados polos órganos competentes, mediante a resolución correspondente, en virtude de incumprimentos das obrigas contractuais, de acordo coa graduación de faltas e sancións que se establecen nesta epígrafe.

2. As faltas disciplinarias dos traballadores, cometidas con ocasión ou como consecuencia do traballo, poderán ser: leves, graves e moi graves.

a) Serán faltas leves as seguintes:

a.1. A leve incorrección co público e en xeral cos usuarios do servicio, así como cos compañeiros ou subordinados.

a.2. O atraso inxustificado, negligencia ou descoido no cumprimento das súas tarefas.

a.3. A non comunicación coa debida antelación da falta ao traballo por causa xustificada, a non ser que se probe a imposibilidade de o facer.

a.4. A falta de asistencia ao traballo sen causa xustificada dun ou varios días ao mes.

a.5. O incumprimento non xustificado do horario de traballo entre tres e cinco ocasións ao mes.

a.6. O descoido na conservación dos locais, material e documentos dos servicios.

a.7. En xeral, o incumprimento dos deberes por negligencia ou descoido inescusable.

b) Serán faltas graves as seguintes:

b.1. A falta de disciplina no traballo ou do respecto debido aos superiores, compañeiros e subordinados.

b.2. O incumprimento das ordes ou instrucións dos superiores relacionadas co traballo ou as negligencias das que se deriven ou se poidan derivar prexuízos graves para o servicio.

b.3. A desconsideración co público no exercicio do traballo.

b.4. O incumprimento grave das obrigas en materia de prevención de riscos laborais contempladas na normativa vixente.

b.5. A falta de asistencia de traballo sen causa xustificada de tres ou catro días no período de 1 mes.

b.6. O incumprimento non xustificado do horario de traballo entre seis e dez ocasións ao mes, cando acumulados supoñan un mínimo de dez horas mensuais.

b.7. O abandono do posto de traballo durante a xornada sen causa xustificada.

b.8. A simulación de enfermidade ou accidente.

b.9. A simulación ou encubrimento de faltas doutros traballadores en relación cos seus deberes de puntualidade, asistencia e permanencia no traballo.

b.10. A diminución continuada e voluntaria no rendemento do traballo normal ou pactado.

b.11. A negligencia que poida causar graves danos na conservación dos locais, material ou documentos de servicios.

b.12. O incumprimento dos prazos ou outras disposicións de procedemento en materia de incompatibilidades, cando non supoña o mantemento dunha situación de incompatibilidade.

b.13. A utilización ou difusión indebidas de datos ou asuntos dos que se teña coñecemento por razón do traballo.

b.14. Cometer falta leve, tendo anotadas e non canceladas, ou sen posibilidade de cancelar, cando menos, dúas faltas leves.

b.15. O abuso de autoridade no desempeño das funcións encomendadas. Considerarase abuso de autoridade a comisión por un superior dun feito arbitrario, con infracción dun dereito do traballador recoñecido legalmente por este Convenio, Estatuto dos Traballadores e demais leis vixentes, de onde se derive un prexuízo notorio para o subordinado, xa sexa de orde material ou moral.

c) Serán faltas moi graves as seguintes:

c.1. A fraude, a deslealdade e o abuso de confianza nas xestións encomendadas.

c.2. A manifesta insubordinación individual ou colectiva.

c.3. A notoria falta de rendemento que comporte inhibición no cumprimento das tarefas encomendadas.

c.4. O falseamento voluntario de datos e informacións do servicio.

- c.5. A falta de asistencia ao traballo non xustificada durante cinco ou máis días ao mes.
- c.6. O incumprimento non xustifico do horario de traballo durante máis de dez ocasións ao mes, ou durante máis de vinte ao trimestre.
- c.7. O incumprimento das normas sobre incompatibilidades cando dea lugar a situacións de incompatibilidade.
- c.8. Cometer falta grave, tendo anotadas e non canceladas, ou sen posibilidade de cancelar, cando menos, dúas faltas graves.
- c.9. O acoso sexual.
- c.10. A violación da neutralidade ou independencia política, utilizando as facultades atribuídas para influír en procesos electorais de calquera natureza ou ámbito.
- c.11. A obstaculización ao exercicio das liberdades públicas e dereitos sindicais.
- c.12. O incumprimento da obriga de atender en caso de folga os servicios previstos no artigo 6.7 do Real Decreto Lei 17/1977, do 4 de marzo.
- c.13. A obtención de beneficios económicos por razón do traballo alleos ao posto desempeñado.
- c.14. O quebrantamento do segredo profesional; a manipulación de datos e programas con ánimo de falsificación ou a utilización dos medios técnicos da Administración para intereses particulares de tipo económico.
- c.15. A embriaguez ou toxicomanía se repercuten negativamente no traballo.
- c.16. A tolerancia ou encubrimento dos xefes ou superiores respecto das faltas graves e moi graves cometidas polos subordinados.
- c.17. O incumprimento moi grave das obrigas en materia de prevención de riscos laborais contempladas na normativa vixente, entendendo como tal cando deste se poidan derivar riscos para a saúde e a integridade física ou psíquica doutro traballador ou de terceiros.

Artigo 81. Sancións.

1. As sancións que se poderán impoñer, en función da cualificación das faltas, serán as seguintes:

a) Por faltas leves:

Amoestación por escrito.

Suspensión de emprego e soldo de ata dous días.

b) Por faltas graves:

Inhabilitación para a promoción ou ascensos, así como para concorrer a probas selectivas por un período non superior a un ano.

Suspensión de emprego e soldo de tres días a tres meses.

c) Por faltas moi graves:

Suspensión de emprego e soldo de tres meses e un día a seis meses.

Inhabilitación para a promoción ou ascenso por un período de 1 ano e un día a cinco anos.

Traslado forzoso sen dereito a indemnización.

Despedimento.

Non se poderán impoñer sancións que consistan na redución das vacacións ou outra minoración dos dereitos ao descanso do traballador ou multa sobre o salario.

2. O alcance da sanción, dentro de cada categoría, farase tendo en conta:

- a) O grao de intencionalidade, descoido ou negligencia que se revele na conducta.
- b) O dano ao interese público, cuantificándoo mesmo en termos económicos cando sexa posible.
- c) A reiteración ou reincidencia.

Artigo 82. Tramitación e procedemento sancionador.

1. Durante a tramitación de todo expediente disciplinario deberá cumprirse o principio de audiencia ao interesado. O incumprimento deste principio dará lugar á nulidade do actuado, debendo retrotraerse a tramitación do procedemento ao momento en que se produciu o incumprimento do dito principio. Ao interesado notificaránselle por escrito as actividades que se vaian desenvolvendo.

Será de aplicación ao procedemento o réxime legal sobre dereitos dos cidadáns do artigo 35 da Lei 3071992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2. As sancións por faltas leves serán impostas tras audiencia ao presunto infractor, oídos os representantes dos traballadores e a representación sindical, se é o caso. A sanción deberáselle notificar por escrito ao interesado, aos representantes dos traballadores e á representación sindical en caso de afiliación coñecida ou alegada polo interesado.

No escrito de notificación farase constar a data e os feitos motivadores da sanción, a cualificación da falta e os recursos que contra esta procedan.

3. As sancións por faltas graves ou moi graves requirirán a tramitación previa de expediente disciplinario. A incoación poderá ser de oficio ou mediante denuncia, debendo constar no escrito de incoación os feitos susceptibles de sanción e a designación de instructor. O dito escrito enviarase simultaneamente ao interesado, ao instructor, aos representantes dos traballadores e aos delegados sindicais da sección sindical correspondente en caso de afiliación coñecida ou alegada polo interesado. No suposto de que o motivo de incoación sexa o contemplado no apartado c.15 do artigo 76, solicitarase informe do servizo médico da Administración. En caso de se iniciar o expediente por denuncia, o acordo de incoación deberá serlle comunicado ao asinante desta.

4. A incoación de expediente disciplinario corresponderalle ao órgano competente e na súa tramitación terase en conta o previsto nos apartados seguintes.

5. Unha vez notificada a incoación do expediente sancionador, o traballador poderá solicitar a recusación do instructor. Así mesmo, o instructor poderá formular a súa abstención en caso de concorreren as causas legais. A autoridade que acordou a incoación deberá resolver sobre a abstención e a recusación no prazo de dez días hábiles, e se se admitise calquera das dúas deberá efectuarse novo nomeamento facéndollo saber por escrito ao interesado.

6. O instructor, como primeiras actuacións, procederá a recibir declaración ao presunto inculpado e a realizar cantas dilixencias se deduzan da comunicación ou denuncia que motivou a incoación do expediente e do que aquel alegase na súa declaración.

7. Prego de cargos: no prazo de 1 mes desde a incoación do expediente, ampliable en quince días máis, deberase notificar o prego de cargos que debe conter: feitos que se lle imputen ao traballador, falta presuntamente cometida e sanción que se vaia impoñer. O prego de cargos debe estar redactado de xeito claro e preciso mediante parágrafos separados e numerados.

O traballador poderá, no prazo de dez días hábiles desde a notificación do prego de cargos, propoñer os medios de defensa que lle conveñan e realizar cantas alegacións coide procedentes.

8. Práctica da proba: contestado o prego ou transcorrido o prazo sen o facer, o instructor poderá acordar a práctica das probas que considere así como a práctica ou denegación das propostas. O instructor comunicarlle por escrito ao interesado as probas que se realicen, así como as que se denegasen. A denegación da proba será debidamente motivada e só se poderá acordar en caso de que as cuestións a probar sexan innecesarias para o procedemento. Os feitos relevantes para a decisión do procedemento poderán acreditarse por calquera medio de proba admisible en dereito.

9. Proposta de resolución: deberán constar os feitos declarados probados que se lle imputan ao traballador, a valoración xurídica destes e, se é o caso, a sanción proposta. O expediente completo coa proposta de resolución enviaráselle ao traballador para que poida efectuar no prazo de dez días hábiles. Así mesmo, enviaráselles ao Comité de Empresa ou Delegados de persoal e á representación sindical que comparecese no procedemento para que no mesmo prazo poidan ser oídos.

10. Resolución: enviarase o expediente á autoridade competente, que adoptará a decisión de sancionar, non sancionar ou ordenar novas dilixencias para clarear puntos confusos do expediente. Neste último caso, enviaráselle estas ao traballador no prazo de dez días hábiles para levar a cabo alegacións sobre as actuacións últimas.

A resolución deberá conter os seguintes elementos: feitos probados, falta cometida, preceptos en que aparece tipificada, traballador responsable, sanción imposta e data de efectos. Cando a sanción consista na suspensión de emprego e soldo, procurarase que esta se cumpra en meses sucesivos, cun límite máximo de seis meses.

A resolución notificaráselle ao interesado con expresión dos recursos que procedan, órgano ante o que se deben interpoñer e prazo para iso.

A resolución definitiva comunicaráselles ao Comité de Empresa ou Delegados de persoal e á representación sindical que comparecese no procedemento.

11. O procedemento sancionador quedará interrompido cando exista un procedemento penal polos mesmos feitos ata a sentenza firme, podéndose proseguir nese momento co expediente disciplinario.

12. O órgano competente poderá decretar, durante a tramitación do expediente sancionador por falta moi grave, a suspensión provisional de emprego cando se considere que a presenza do traballador no centro de traballo puidese ocasionar prexuízo para o servizo, o cando razóns xustificadas así o aconsellen.

Artigo 83. *Prescripción.*

As faltas leves prescribirán aos dez días; as graves, aos vinte días; e as moi graves, aos sesenta días, contados todos eles a partir da data en que a Administración tivo coñecemento da súa comisión e, en todo caso, aos seis meses de se cometeren estas. Os ditos prazos quedarán interrompidos por calquera acto propio do expediente instruído ou información preliminar, incluída a audiencia previa ao interesado que se poida instruír, se é o caso.

De calquera xeito, desde o inicio do expediente, incluída a información preliminar, deica a súa resolución, non poderán transcorrer máis de seis meses, agás que o atraso fose imputable ao traballador expedientado.

Artigo 84. *Cancelación.*

Todas as sancións impostas anotaranse no expediente persoal do sancionado, e cancelaranse, de oficio ou a pedimento de parte, unha vez transcorrido o prazo de tres meses cando se trate de falta leve, de 1 ano se é falta grave e de dous anos para as moi graves.

Artigo 85. *Denuncias a pedimento de parte.*

Todo traballador poderá dar conta por escrito de seu ou a través dos seus representantes dos actos que supoñan faltas de respecto á súa intimidade ou á consideración debida á súa dignidade persoal ou profesional. A Administración a través do órgano directivo ao que estivese adscrito o interesado abrirá a oportuna información e instruír, se é o caso, o expediente disciplinario que proceda.

CAPÍTULO XV

Réxime de representación do persoal

Artigo 86. *A representación colectiva dos traballadores.*

1. En materia de representación colectiva estarase conforme ao disposto no título II do Estatuto dos Traballadores, na Lei Orgánica de Liberdade Sindical, neste capítulo e na disposición transitoria duodécima deste Convenio.

2. Nas eleccións a representantes do persoal laboral ao servizo da Administración Xeral do Estado, constituirá un único centro de traballo a totalidade de establecementos dependentes dun mesmo departamento ou organismo que radiquen na mesma provincia, de acordo do previsto na disposición adicional quinta da Lei 9/1987, do 12 de xuño.

3. Os órganos de representación sindical constituiranse de acordo coa Lei Orgánica de Liberdade Sindical e os Estatutos da organizacións sindicais.

Artigo 87. *Representación unitaria dos traballadores.*

1. Serán órganos de representación unitaria dos traballadores incluídos no ámbito deste Convenio os seguintes:

- a) Os Delegados de persoal que posuirán a representación colectiva dos traballadores nos centros de traballo que teñan menos de cincuenta traballadores.

b) Os Comités de empresa que posuirán a representación colectiva dos traballadores nos centros de traballo que teñan cincuenta ou máis traballadores.

2. A elección dos Delegados de persoal e dos Comités de Empresa, de conformidade co establecido na disposición adicional quinta da Lei 9/1987, do 12 de xuño, e no número 2 do artigo 86 deste Convenio, terán carácter provincial dentro de cada departamento ou organismo.

3. A composición dos Comités de Empresa axustarase á escala prevista no artigo 66 do Estatuto dos Traballadores.

Non obstante, no suposto de que nalgúns ámbitos de representación dos respectivos Comités de Empresa se producise unha diminución que implicase a modificación da escala de representantes, nese caso procederase á adecuación do número de membros do órgano de representación correspondente na indicada escala, reducíndoo ata onde proceda.

En todo caso, a adecuación que se produza deberá respectar a proporcionalidade existente con anterioridade por colexios electorais e por candidaturas e candidatos electos e afectar en primeiro lugar aos candidatos que obtiveron a condición de representantes cun menor número de votos.

Artigo 88. Dereitos e infraestrutura dos Comités de Empresa e dos Delegados de persoal.

1. Os Delegados de persoal e Comités de Empresa, sen prexuízo das competencias, funcións, garantías e dereitos en xeral recoñecidos polas disposicións legais, terán os seguintes dereitos:

a) Os Comités de Empresa dispoñerán, no seu ámbito, dun local axeitado e apto para desenvolver as actividades propias da súa representación, provisto de teléfono e o correspondente mobiliario e material informático e de oficina, así como a utilización da fotocopiadora.

b) Facilitaráselles aos Comités de Empresa e Delegados de persoal os taboleiros de anuncio necesarios para que, baixo a súa responsabilidade, coloquen cantos avisos e comunicacións teñan que efectuar e coiden pertinentes, sen máis limitacións que as expresamente sinaladas pola Lei. Estes taboleiros instalaranse en lugares claramente visibles para permitir que a información chegue aos traballadores facilmente.

c) Os membros dos Comités de Empresa e os Delegados de persoal dispoñerán dun crédito de horas mensuais retribuídas para poder exercer a súa función de representación, que se axustará á seguinte escala:

- Ata 100 traballadores, quince horas.
- De 101 a 250 traballadores, vinte horas.
- De 251 a 500 traballadores, trinta horas.
- De 501 a 750 traballadores, trinta e cinco horas.
- De 751 en diante, corenta horas.

A utilización do crédito horario terá carácter preferente, coa única limitación da obriga de comunicar previamente o seu número, así como a incorporación ao traballo no momento de se producir.

Os Comités de Empresa e Delegados de persoal poderán acordar a acumulación de todas ou parte das horas sindicais dos seus membros nun ou varios deles.

Cando a acumulación de horas sindicais nun ou varios membros do Comité sen sobrepasar o máximo total supoña, de feito, a liberación deses representantes durante todo ou parte do mandato representativo, cumprirá a comunicación ao órgano competente en materia de persoal coa suficiente antelación. Se a acumulación responde a necesidades imprevistas que imposibiliten a comunicación previa e non supoña a liberación do representante, aquela producirase mediante escrito asinado polos representantes cedentes inmediatamente despois de se efectuar a cesión.

2. No desenvolvemento da súa función representativa, os membros dos Comités e Delegados de persoal terán dereito a percibir as axudas de custo e gastos de locomoción pola asistencia a xuntanzas convocadas pola Administración. Estas reunións non se computarán para efectos de crédito horario.

3. Os Comités e Delegados de persoal terán as competencias establecidas na lexislación vixente.

Artigo 89. Garantías dos representantes dos traballadores.

Os membros dos Comités de Empresa e Delegados de persoal como representantes legais dos traballadores gozarán, segundo o establecido no artigo 68 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, das seguintes garantías:

a) Apertura de expediente contradictorio no suposto de sancións por faltas graves, ou moi graves, no que serán oídos, á parte do interesado, o Comité de Empresa ou restantes delegados de persoal.

b) Prioridade de permanencia no organismo ou centro de traballo respecto dos demais traballadores nos supostos de suspensión ou extinción de contratos por causas técnicas ou organizativas.

c) Non seren despedidos nin sancionados durante o exercicio das súas funcións desde o momento da proclamación como candidato ata catro anos despois de concluído o mandato, sempre que o despedimento ou sanción se basee na acción do traballador no exercicio da súa representación, sen prexuízo, polo tanto, do establecido no artigo 54 do Estatuto dos Traballadores. Así mesmo, non poderá ser discriminado na súa promoción económica profesional en razón, precisamente, do desempeño da súa representación.

d) Expresar colexiadamente, se se trata do Comité, con liberdade das súas opinións nas materias concernentes á esfera da súa representación, podendo publicar e distribuír sen perturbar o normal desenvolvemento do traballo, os documentos de interese laboral ou social, comunicándollo previamente ao responsable da unidade administrativa correspondente.

e) Ningún membro do Comité de Empresa e Delegados de persoal poderá sufrir discriminación nos dereitos que como traballador teña a elección de quenda de traballo, traslado, promoción, formación, retribucións complementarias, prestacións xerais e, en xeral, calquera outra condición de traballo.

Artigo 90. Reunións e asembleas dos traballadores.

1. Os Delegados de persoal, os Comités de Empresa, as seccións sindicais ou un número de traballadores non inferior ao 25 por 100, poderán convocar reunións e asembleas nos centros de traballo fóra da xornada de traballo sempre que non afecte á prestación de servizos e se comunique, cando menor, con vinte e catro horas de antelación.

2. Así mesmo, os Delegados de persoal, os Comités de Empresa e as seccións sindicais poderán convocar asembleas nos centros de traballo dentro do horario laboral, e tras autorización da dirección do centro, nas condicións seguintes:

a) Unicamente se concederá autorización ata un máximo de vinte horas anuais, das cales dez corresponderán aos Delegados de persoal, Comités de Empresa ou traballadores e dez ás seccións sindicais.

b) En ningún caso, a realización destas asembleas debe prexudicar á prestación de servizos. A denegación por este motivo deberá ser por escrito e motivada.

d) O aviso previo de convocatoria deberá presentarse ante a Dirección do centro cunha antelación mínima de corenta e oito horas.

As asembleas terán lugar en locais facilitados pola Administración e axeitados para tal fin. Os convocantes das asembleas garantirán en todo momento a orde destas.

Nos centros con varias quendas de traballo facilitarase a reunión naquelas horas en que coincidan maior número de traballadores.

3. Respectando o contemplado nos apartados anteriores, no seo das subcomisións departamentais de forma motivada, poderase modificar o aquí establecido.

Artigo 91. Representación sindical.

1. A representación sindical no ámbito deste Convenio estará integrada polas seccións sindicais que constitúan os sindicatos de acordo cos seus Estatutos, a Lei Orgánica de Liberdade Sindical e este Convenio.

A constitución de seccións sindicais no suposto a que se refire o número seguinte levarase a cabo de conformidade co previsto no artigo 86 deste Convenio.

2. As seccións sindicais terán as competencias, funcións e garantías recoñecidas na LOLS, neste Convenio, así como no Convenio 135 e na recomendación 143 da OIT.

3. As seccións sindicais que se constitúan en centros de traballo que ocupen a máis de 250 empregados públicos polos sindicatos con presenza nos Comités de Empresa que obtivesen o 10 por 100 na elección destes estarán representados ante a Administración no seu correspondente ámbito, para todos os efectos, por delegados elixidos por e entre os seus afiliados no número que resulte de aplicar a seguinte escala:

De 250 a 750 traballadores, 1.

De 751 a 2.000 traballadores, 2.

De 2.001 a 5.000 traballadores, 3.

De 5.001 en diante, 4.

Ademais, as seccións sindicais a que se refire este apartado terán dereito a utilizar un local axeitado que lles permita desenvolver a súa función representativa, así como a utilizar un ou varios taboleiros de anuncios no centro de traballo co fin de facilitar a difusión da información que poida interesar aos respectivos afiliados ou aos traballadores en xeral. A utilización destes servicios poderá dispoñerse que sexa conxunta por parte de todas as seccións sindicais dun mesmo sindicato na provincia.

Artigo 92. Dereitos e garantías dos Delegados sindicais.

1. Os delegados sindicais, que deberán ser traballadores en activo do respectivo centro de traballo, gozarán dos mesmos dereitos e garantías que os representantes dos traballadores nos Comités de Empresa ou Delegados de persoal.

2. A Administración e as organizacións sindicais, individual ou conxuntamente, poderán acordar sistemas de acumulación de horas sindicais a favor dun ou varios delegados sindicais que pertencen a algunha das ditas organizacións sindicais.

En ningún caso, poderán sumarse créditos de horas de delegado sindical coas que puidesen corresponder na súa posible condición de membro do Comité de Empresa ou Delegado de persoal.

Así mesmo, en ningún caso os créditos de horas dos Delegados sindicais poderán acumularse ás de membros de Comités de Empresa ou Delegados de persoal, ou viceversa.

3. Ningún Delegado sindical poderá sufrir discriminación nos dereitos que como traballador teña a elección de quenda de traballo, traslado, promoción, formación, retribucións complementarias, prestacións sociais e, en xeral, calquera outra condición de traballo.

4. Os Delegados sindicais representan aos afiliados da súa respectiva organización en todas as xestións necesarias ante a Administración e teñen dereito a ser oídos pola Administración no tratamento daqueles problemas de carácter colectivo que afecten aos traballadores en xeral e aos afiliados ao sindicato en particular.

Así mesmo, teñen dereito a ser informados e oídos pola Administración con carácter previo acerca das medidas disciplinarias que se vaian adoptar e se adopten que afecten aos afiliados do sindicato.

En materia de reestructuración de cadros de persoal e traslados estarase conforme ao disposto no capítulo 5.

Artigo 93. Cota sindical.

1. De conformidade co establecido no artigo 11 da Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical, a requirimento de calquera sindicato, e tras conformidade dos traballadores afectados, a Administración descontará na nómina mensual destes a cota sindical que proceda e realizará a correspondente transferencia en favor do sindicato, acompañada da correspondente relación nominal.

2. Para facer efectivo o dito desconto, deberá remitirse á Administración un escrito en que conste expresamente a conformidade do traballador sobre a orde de desconto, o sindicato ao que procede facer a transferencia e o número de conta corrente a que se debe facer esta así como a contía da cota.

Artigo 94. Solución de conflitos colectivos.

1. As partes que subscriben este Convenio recoñecen á Comisión de Interpretación, Vixilancia, Estudio e Aplicación (CIVEA) como instancia previa na que se terá que intentar, en primeiro termo, a solución dos conflitos que se susciten no ámbito deste.

En consecuencia, calquera conflito de interpretación ou aplicación do Convenio que calquera das partes formule requirirá a previa submisión deste á CIVEA.

Igual norma rexerá para os conflitos de interpretación e aplicación dos acordos ou pactos que o desenvolvan.

2. No caso de que a Comisión Paritaria non lle dea solución ao conflito, as partes poderán nomear de mutuo acordo un ou varios mediadores, os cales formularán os correspondentes dictames.

A negativa das partes a aceptar as propostas presentadas polo mediador terá que ser razoada e por escrito.

As propostas do mediador e a posición das partes terán que se facer públicas de inmediato.

3. En todo caso, as partes comprométense a negociar no máis breve prazo posible un sistema de solución extraxudicial dos conflitos, individuais e colectivos, que xurdan no ámbito do Convenio.

CAPÍTULO XVI

Dereito supletorio

Artigo 95. Dereito supletorio.

En todo o non previsto neste Convenio, estarase conforme ao disposto no Estatuto dos Traballadores e demais aplicacións legais ou regulamentarias que resulten de aplicación.

Disposición adicional primeira.

Intégranse no salario base (incluído o compoñente de salario base das pagas extraordinarias) deste Convenio todas aquelas cantidades que veñen sendo percibidas polos traballadores en concepto de plus de convenio ou outros, que non se retribúen ningún factor ou condición distinta ou con diferente intensidade das xerais previstas na definición dos grupos profesionais contidos no artigo 16 e 17 deste Convenio.

Non se poderá percibir en concepto de salario base (incluído o compoñente de salario base das pagas extraordinarias) unha contía superior á establecida nas táboas de salario base deste Convenio.

No suposto de que, despois de practicada a integración en salario base dos complementos a que se refire esta disposición adicional, resultase unha contía superior á das táboas de salario base deste Convenio, aplicarase a fórmula establecida no artigo 75.5 co fin de que non se produzan minguas retributivas.

Os complementos integrados no salario base son os seguintes:

Administracións Públicas:

Plus Convenio.

MUFACE:

C. posto de traballo (funcións técnicas, oficios e mantemento, funcións administrativas en SS.CC).

Agricultura, Pesca e Alimentación:

Plus de homoxeneización.

C. perigosidade e toxicidade.

Subdirección de Estudos Agrarios:

Plus Convenio.

C. Perigosidade e toxicidade.

SENPA:

Disponibilidade horaria.

Asuntos Exteriores e AECI:

Plus Convenio.

C. perigosidade.

C. penosidade, toxicidade ou penosidade.

Defensa:

Plus Convenio.

C. perigosidade.

C. penosidade, toxicidade ou penosidade.

Economía e Facenda:

Plus Convenio.

C. perigosidade.

Ext. Ministerio de Comercio e Turismo:

Plus Convenio.

Plus perigosidade.

Artes Gráficas Facenda:

Prima de produción.

Calidade-cantidade fixa.

Parque Móbil Ministerial:
Complemento de destino.
Complemento específico.

TURESPAÑA (adherido ao IV Convenio Colectivo de Transportes):
Perigosidade.

Pazo de Congresos de Madrid:
Plus Convenio.

Oficinas e Despachos Madrid:
Plus Convenio.

Ext. Ministerio de Educación e Ciencia:
Plus Convenio.

CSIC:
Apoio á investigación.
C. penosidade, toxicidade e perigosidade.

Ext. Ministerio de Cultura:
Plus Convenio.
Vixilante Museos.
Plus perigosidade, penosidade e toxicidade.

Museo do Prado:
Plus regulación posto de traballo.
Réxime especial de traballo Vixilantes.
Réxime especial de traballo Taquilleiros.
C. penosidade, toxicidade e perigosidade.

Consello Superior de Deportes:
C. perigosidade, toxicidade e penosidade.

Ext. Ministerio de Transporte, Turismo e Comunicacóns:
C. perigosidade.

Ext. Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo:
Complemento de posto.
C. penosidade, toxicidade e perigosidade.

Secretaría Xeral de Comunicacóns:
C. perigosidade.

Industria e Enerxía:
Plus Convenio.

CIEMAT:
Complemento de posto.
Complemento de xornada.

Interior:
C. perigosidade e toxicidade.

Xustiza:
Plus Convenio.

Administración de Xustiza:
Maior responsabilidade.

ITGE:
Plus Convenio.

Secretaría de Estado de Comunicación:
Plus Convenio.
Complemento de titulación.

Sanidade e Consumo:
Especial responsabilidade (espec. cualificación técnica; laboratorio, Xefe Departamento Oficios; especial cualificación informática; Encargado Almacén Distribución, Xefe de Cocina; Recepcionista Xefe; Esp. preparación técnica; dispoñibilidade funcional; función administrativa e Especialista Oficios).
C. perigosidade, penosidade e toxicidade.
Complemento de compensación horaria de MCSE.

Inst. Saúde “Carlos III” (Programa 542H):
Complemento de posto.
Complemento de gardería.

Inst. Saúde “Carlos III” (Programa 411B):
Complemento de posto.

Ext. Ministerio Trabajo e Seguridade Social:
Plus Convenio.
Plus Especialista de Oficios.
Especial preparación técnica.
Especialidade informática.
Función administrativa.
Plus desempeño.

INSHT:
Plus Convenio.
Especial responsabilidade.
Plus función.
Especial cualificación.
Complemento desempeño.
Plus informática.

Administración Seguridade Social:
Plus Convenio.
Especialidade técnica.
Función administrativa.

Pluriactividade.
 Recadación URE.
 Tarefas específicas.
 C. especial penosidade-sotos.

Ext. Ministerio Asuntos Sociais:
 Técnico Educativo.

IMSERSO:
 Plus Convenio.
 Posto de traballo socio-sanitario.
 Penosidade.

Aeroportos Nacionais:
 C. perigosidade.
 C. nivel.

Consello Seguridade Nuclear:
 C. posto de traballo.

Empregados de Predios Urbanos de Madrid:
 Ascensor.

Disposición adicional segunda.

1. Con efectos do 1 de xaneiro de 1999 recoñécense os seguintes novos complementos singulares de postos:

<i>Convenio</i>	<i>Posto</i>	<i>Contía Anual - Pesetas</i>
Ministerio Defensa	Oficial CMO.	70.800
Ministerio Defensa	Conductor Mecánico	70.800
Ministerio Defensa	Técnico básico	70.800
MOPU	Oficial 1ª Conductor	80.000
MOPU	Encargado Xeral	23.800

A acreditación dos complementos anteriores non implica a minoración do complemento persoal de unificación que puidese corresponderlles en aplicación do disposto no apartado 5 do artigo 75 do convenio.

2. Ao persoal do Ministerio de Defensa que estivese percibindo o plus de traballos tóxicos, perigosos ou excepcionalmente penosos e que polas incompatibilidades establecidas no artigo 31.4, parágrafo terceiro, do convenio colectivo do Ministerio de Defensa non percibisen o plus de destino hospitalario, pasará a acreditárselle este último con efectos do 1 de xaneiro de 1999.

Ao persoal a que se refire o parágrafo anterior minoraráselle o complemento persoal de unificación que puidese corresponderlle como resultado da aplicación do artigo 75.5 deste Convenio no mesmo importe que o do plus de destino hospitalario.

3. Ao persoal do Consello de Seguridade Nuclear coa categoría de conductor recoñeceráselle, con efectos do 1 de xaneiro de 1999, un complemento singular dunha contía anual igual ao 80 por 100 do importe que viñese percibindo anualmente en concepto de complemento de posto de traballo.

Ao persoal a que se refire o parágrafo anterior minoraráselle o complemento persoal de unificación que puidese corresponderlle como resultado da aplicación do artigo 75.5 deste Convenio no mesmo importe que o de complemento singular que se lle recoñece.

Disposición adicional terceira.

Os complementos salariais dos convenios ata o de agora vixentes que se integran no complemento singular de posto son os seguintes:

Administracións Públicas:
Especial responsabilidade.

MUFACE:
Especial responsabilidade.
C. posto de traballo (atención ao público).

Agricultura, Pesca e Alimentación:
Naveg. campañas oceanográficas.
Naveg. traballos oceanográficas.
Responsabilidade.

Axencia Nacional do Tabaco:
Reprografía.

SENPA:
Complemento de toxicidade, penosidade e perigosidade.

Asuntos Exteriores e AECI:
Complemento ao posto de traballo.
Responsabilidade.

Defensa:
Destino hospitalario.
Cargo ou función.

Economía e Facenda:
Especial responsabilidade.

Ext. Ministerio de Comercio e Turismo:
Especial responsabilidade.

Turespaña (adherido ao IV Convenio Colectivo de Transportes):
Especial responsabilidade.
Especial responsabilidade e dispoñibilidade horaria en réxime de xornada partida.

Pazo de Congresos de Madrid:
Especial responsabilidade.
Quebranto moeda.

Pazo de Congresos Madrid:
Especial responsabilidade.
Quebranto de moeda.

Ext. Ministerio de Educación e Ciencia:
Especial responsabilidade.
Calidade de posto de traballo.
Producción informática.

Consello Superior de Investigacións Científicas:
Especial responsabilidade.
Dispoñibilidade funcional.
Atención ao público.
Técnico Educativo primeiro ciclo.

Ext. Ministerio de Cultura:
Informática.
Vixilancia e atención ao público.
Responsabilidade.

Museo do Prado:
Idiomas.
Espec. responsabilidade sentencias.
Espec. responsabilidade de Restauradores.

Consello Superior de Deportes:
Complemento Garaxe.
Especial responsabilidade.
Limpeza área Presidente.
Atención ao público.

Ext. Ministerio de Transporte, Turismo e Comunicacions:
Especial responsabilidade.
Especial responsabilidade e dispoñibilidade horaria en réxime de xornada partida.

Ext. Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo:
Illamento.
Montaña.

Industria e Enerxía:
Especial responsabilidade.

Interior:
Limpeza dependencias policiais.
Traballos específicos e asistencia técnica.
Especial responsabilidade e dispoñibilidade.
C. postos traballo Porteiros maiores.

Asuntos Penitenciarios:
Complemento posto.
Especial responsabilidade.

Xustiza:
Complemento ao posto de traballo.

Administración de Xustiza:
Plus de perigosidade, penosidade e toxicidade.

Instituto Tecnolóxico e Xeomineiro de España (ITGE):
Plus de campo.
Capacitación.
Conducción vehículos pesados.

Presidencia:
Complemento ao posto de traballo.
Funcións diversas.

Sanidade e Consumo:
Especial responsabilidade (atención ao público; encargado xeral de lazareto; manexo de fondos; xestión de fondo documental; patrón de barca e coordinador de talleres).
Inst. Saúde “Carlos III” (Programa 542H):
Especial cualificación informática.
Plus de perigosidade.

Ext. Ministerio Traballo e Seguridade Social:
Esp. responsabilidade-atención ao público.
Esp. responsabilidade-espec. arquitectos.
Calidade-cantidade.

Administración da Seguridade Social:
Persoal docente.

Ext. Ministerio Asuntos Sociais:
Especial responsabilidade.
Especialidade.
Asesoramento cidadán.
Dispoñibilidade funcional.

IMSERSO:
Especial responsabilidade.
Idiomas.

Aeroportos Nacionais:
Especial responsabilidade.
Funcións diversas.
Plus de distancia.

Disposición adicional cuarta.

Os complementos salariais dos convenios de orixe que pertencen ao tipo de complementos contemplados no apartado 3.2 do artigo 75 complementos polo desempeño do traballo en horario ou xornada distinta da habitual deste Convenio son os seguintes:

Administracións Públicas:

Nocturnidade.

Dispoñibilidade horaria.

Agricultura, Pesca e Alimentación:

Nocturnidade.

Dispoñibilidade horaria.

Asuntos Exteriores e AECI:

Dispoñibilidade horaria.

Defensa:

Nocturnidade.

Turnicidade.

Gardas médicas.

Días festivos.

Economía e Facenda:

Nocturnidade.

Dispoñibilidade horaria.

Turnicidade.

Ext. Ministerio de Comercio e Turismo:

Nocturnidade.

Turnicidade.

Xornada partida.

Dispoñibilidade horaria.

Especial dedicación.

Turespaña (adh. CC. Transportes Ext.):

Nocturnidade.

Dispoñibilidade horaria.

Dispoñibilidade horaria en réxime de xornada partida.

Turespaña-Ofic. e Despachos de Madrid:

Dispoñibilidade horaria.

Pazo de Congresos de Madrid:

Dispoñibilidade horaria.

Prolongación de xornada.

Flexibilidade horaria.

Ext. Ministerio de Educación e Ciencia:

Nocturnidade.

Dispoñibilidade horaria.

Homoxeneización horaria.

CSIC:

Nocturnidade.
Turnicidade.

Ext. Ministerio de Cultura:

Nocturnidade.
Xornada partida.
Adecuación horaria.
Flexibilidade horaria.
Montaxe de obras de arte.

Museo do Prado:

Nocturnidade.
Turnicidade.
Réxime espec. de mantemento.
Especial actividade.

Consello Superior de Deportes:

Nocturnidade.
Dispoñibilidade horaria.
Turnicidade.
Días festivos.
Cpto. encargados xerais.
Indemnización horaria funcional.

Ext. Ministerio de Transporte, Turismo e Comunicacions:

Nocturnidade.
Dispoñibilidade horaria.
Dispoñibilidade horaria en réxime de xornada partida.

Ext. Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo:

Nocturnidade.
Dispoñibilidade horaria.
Turnicidade.
Xornada partida.
Xornadas especiais.
Obra.

Secretaría Xeral de Comunicacions:

Nocturnidade/ xornada.
Nocturnidade/ horas.
Días festivos.

Adh. D.X. Meteoroloxía ao CC.AA.NN. e A.C.:

Nocturnidade.
Dispoñibilidade horaria xenérica.
Turnicidade e xornadas especiais.

Industria e Enerxía:

Traballo nocturno.

CIEMAT:

Nocturnidade.

Disponibilidade horaria.

Interior:

Nocturnidade.

Disponibilidade horaria.

Días festivos.

Gardas en días non laborables.

D. X. Institucións Penitenciarias:

Disponibilidade horaria.

Xornada partida.

Xustiza:

Nocturnidade.

Días festivos.

Xornadas especiais.

Administración de Xustiza:

Nocturnidade.

ITGE:

Nocturnidade.

Secretaría de Estado de Comunicación:

Nocturnidade.

Libre disposición.

Días festivos.

Sanidade e Consumo:

Especial responsabilidade (disponibilidade horaria).

Inst. Saúde “Carlos III” (Programa 542H):

Nocturnidade.

Ext. Ministerio Traballo e Seguridade Social:

Nocturnidade.

Corre-quendas.

Xornadas especiais.

Maior dedicación.

Ext. Ministerio de Asuntos Sociais:

Nocturnidade.

Disponibilidade horaria.

Días festivos.

IMSERSO:

Nocturnidade.

Quendas rotativas mañá e tarde.

Días festivos.

Admón. Seguridade Social:

Maior dedicación.

Especial penosidade- c. por nocturnidade.

Especial penosidade- c. por turnicidade.

Especial penosidade- c. por traballo en festivos.

Aeroportos Nacionais:

Nocturnidade.

Disponibilidade horaria xenérica.

Turnicidade e xornadas especiais.

Consello Seguridade Nuclear:

Turnicidade.

Disposición adicional quinta.

1. De acordo co artigo 86.4 do Estatuto dos Traballadores este convenio colectivo derroga na súa integridade os anteriormente vixentes constituíndo un todo indivisible. As súas condicións económicas e de traballo recoñécense e considéranse máis beneficiosas no seu conxunto respecto ás normas convencionais anteriormente vixentes e aplicables.

Por tanto, as condicións económicas e demais dereitos anteriormente vixentes e aplicables ás relacións laborais colectivas do persoal incluído no seu ámbito de aplicación, sexa por imperativo legal, regulamentario ou convencional, quedan absorbidas e compensadas na súa totalidade polas novas condicións pactadas, que se recoñecen máis beneficiosas no seu conxunto e illadamente en termos homoxéneos.

2. Ás unidades de negociación incluídas no ámbito funcional deste convenio colectivo e ás que se lles aplicou, para efectos de posibilitar a continuidade de procesos negociadores xa abertos, o Acordo da Comisión Negociadora deste Convenio rexistrado mediante resolución da Dirección Xeral de Traballo, do 23 de xullo de 1998 (*Boletín Oficial do Estado* do 12 de agosto) continuaralles sendo de aplicación o dito Acordo, que se prorroga ata o 1 de decembro de 1998. En consecuencia, estas unidades de negociación que non pechasen aínda o seu acordo poderán continuar desenvolvendo estes procesos negociadores ata o 1 de decembro de 1998, co exclusivo fin de pechar a negociación de exercicios anteriores a 1997 conforme aos seguintes criterios:

a) Para os anos 1997 mantéñense as cláusulas reguladoras da materia no Acordo Administración-sindicatos, do 21 de xaneiro de 1998, a aplicación do cal desenvólvese en resolución da Comisión Executiva da Interministerial de Retribucións, do 22 de xaneiro de 1998.

b) No caso de non se cerrar a negociación o 1 de decembro de 1998, a Comisión Negociadora do Convenio Único pechará as correspondentes negociacións partindo da aplicación das Leis de Orzamentos Xerais do Estado correspondentes.

3. Increméntanse nun 2,1 por 100 os conceptos de salario base, pagas extraordinarias, plus convenio e conceptos análogos a estes, entendendo como tales os incluídos no anexo do Acordo Administración-sindicatos sobre Ordenación da Negociación Colectiva do Persoal

Laboral da Administración do Estado durante 1998, subscrito con data do 21 de xaneiro de 1998, co que o incremento a conta que se vén percibindo por estes conceptos adquire carácter definitivo.

Incrementéntanse nun 2,1 por 100 o resto dos complementos salariais a excepción da antigüidade conxelada, os complementos que, de conformidade á previsión do Convenio, se manteñan conxelados e os complementos persoais que teñan carácter de absorbibles.

A parte da masa salarial correspondente ao 2,1 por 100 da antigüidade conxelada, do resto dos complementos que, de conformidade coas previsións do Convenio, se manteñan conxelados e dos complementos persoais transitorios, así como a absorción que experimenten estes por aplicación do convenio colectivo, foron obxecto de distribución pola Comisión Negociadora deste Convenio na totalidade do ámbito deste último.

Disposición adicional sexta.

Verbo do establecido no artigo 46.4 deste Convenio e co obxectivo de ir reducindo progresivamente a realización de horas extraordinarias, os Departamentos e Organismos, despois de acordo das Subcomisións Departamentais, poderán propoñerlle á CECIR a redución da parte de masa salarial destinada a retribuír horas extraordinarias e a súa conversión noutras retribucións de carácter complementario.

Disposición adicional sétima.

Suprímense os pluses de penosidade, toxicidade ou perigosidade recoñecidos nos convenios colectivos de orixe.

Non se poderán recoñecerlle ao persoal deste Convenio complementos salariais distintos dos expresamente previstos no artigo 72 D) do Convenio.

Disposición adicional oitava. Táboas salariais.

1. A táboa de salario base para 1999 será a contida no anexo II. Esta táboa aplicarase con efectos do 1 de xaneiro de 1999, unha vez actualizada cos incrementos xerais establecidos na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 1999 para todos os empregados públicos.

Esta táboa poderá incrementarse a través da negociación colectiva coas contías que resulten da aplicación dos créditos orzamentarios vinculados para tal fin, unha vez detraída destes a parte correspondente ao custo adicional xerado polo artigo 75.1.

2. Respecto ás táboas salariais contidas no anexo III, as partes levarán a cabo progresivamente, dentro dos límites das disponibilidades orzamentarias, a equiparación das retribucións do persoal laboral deste Convenio cos ingresos mínimos de funcionarios establecidos no Acordo de Consello de Ministros do 12 de xuño de 1998 polo que se aproba o Acordo Administración-sindicatos, do 1 de xuño, sobre Ordenación de Retribucións, cos valores actualizados no momento da equiparación, de acordo coas táboas de referencia contidas no anexo III.

Disposición adicional novena. Anticipos reintegrables.

No ámbito de aplicación deste convenio colectivo, os traballadores poderán solicitar anticipos de salarios non retribuídos, a concesión dos cales, dentro dos límites de dotacións orzamentarias, quedará suxeita ás seguintes condicións:

1. Os ditos anticipos non producirán interese ningún e alcanzarán, como máximo, a contía equivalente a catro mensualidades de salario base máis complemento de antigüidade, que, se é o caso, poida ter o traballador solicitante.

2. Será requisito imprescindible para poder solicitar o anticipo salarial que o solicitante estea incluído na nómina de haberes, polos menos, desde o mes anterior á formalización da solicitude e non ter outro anticipo sen cancelar.

3. A devolución das cantidades anticipadas practicarase por cantidades iguais en cada mensuralidade, mediante deducións nas nóminas correspondentes e a partir do mes seguinte ao da concesión do anticipo, cun máximo de vintecatro mensuralidades.

4. No suposto de que o traballador a quen se lle outorgase un anticipo causase baixa no seu posto de traballo, como consecuencia da extinción da súa relación laboral, concesión de calquera tipo de excedencia, permiso sen soldo ou suspensión da relación laboral, con excepción da dimanante de incapacidade temporal ou maternidade na muller traballadora, o reintegro dentro do mesmo mes en que se produza a devandita baixa.

Para a concesión dos ditos anticipos cumprirá a solicitude do traballador interesado, achegando documentación do gasto, compromiso de reintegro e certificación de haberes redactada polo habilitado que fai efectivos estes.

Disposición transitoria primeira.

Mentres non se modifique este, mantén a súa vixencia o Acordo para o Persoal Laboral do Ministerio de Defensa sobre condicións aplicables en caso de reestructuración de centros e establecementos, podendo os traballadores afectados pertencentes a este ámbito optar globalmente por estas condicións ou polas establecidas no artigo 27 deste Convenio.

Os complementos persoais transitorios derivados da aplicación do Acordo a que se refire o parágrafo anterior non terán a consideración de CPNA para efectos do cálculo do complemento persoal de unificación establecido no artigo 75 deste Convenio. Estes complementos persoais transitorios manterán a natureza e réxime de absorción establecidos no dito Acordo.

Disposición transitoria segunda.

Os traballadores que, de acordo co contido normativo dos convenios colectivos vixentes con anterioridade, nacesen antes do 1 de xullo e solicitasen a xubilación voluntaria incentivada con anterioridade ao asinamento deste Convenio, poderán obtela de acordo coa lexislación vixente.

Disposición transitoria terceira.

É o obxectivo prioritario das partes asinantes deste Convenio proceder, no prazo de vixencia deste Convenio, á racionalización do sistema de complementos de postos de traballo.

Para tal fin, durante o período de vixencia do Convenio, a porcentaxe de incremento retributivo que se estableza nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado para aplicar sobre os complementos de posto de traballo destinarase para a racionalización destes.

A distribución da masa salarial correspondente ao dito incremento será acordada pola Comisión de Interpretación, Vixilancia, Estudio e Aplicación do Convenio.

Aqueles traballadores que viñesen percibindo, polo desprazamento ao centro de traballo, un complemento, plus ou indemnización de transporte, que non se integrase no concepto de salario base, continuarán percibíndoo con igual denominación, contía e réxime de aplicación que tivesen ata a data.

Disposición transitoria cuarta.

1. Mantén a súa vixencia todos os réximes de xornadas e horarios especiais habitualmente vixentes.

2. Nos ámbitos e colectivos que teñan recoñecidas unha xornada a tempo completo, diferente da establecida con carácter ordinario neste Convenio, e que se manteñen como xornada especial, non será de aplicación a regra establecida no artigo 76.

Disposición transitoria quinta.

1. Mentres non se aproben as relacións de postos de traballo, englobanse no complemento singular de posto todos aqueles complementos salariais que, non se integrando no salario base conforme á disposición adicional primeira e baixo distintas denominacións, veñen retribuindo os convenios ata o de agora vixentes e que se refiren a circunstancias como: especial responsabilidade ou cualificación, mando ou xefatura de equipo, atención ao público e as singularidades deste que se recoñezan. Así mesmo, considéranse aquí os factores que fan referencia ás condicións xeográficas ou climáticas onde se desenvolve a actividade: illamento, montaña, embarque.

Na disposición adicional terceira relaciónanse os complementos salariais dos convenios de orixe que se integran no complemento singular.

2. O valor inicial deste complemento virá dado pola suma das contías asignadas na actualidade a cada posto por cada un dos complementos a que se refire o parágrafo anterior e resultasen englobados neste. As ditas contías serán as correspondentes ás táboas e niveis salariais dos convenios de orixe vixentes con carácter previo á entrada en vigor deste Convenio.

Disposición transitoria sexta. Persoal non clasificado.

Mentres non se aprobe o encadramento no sistema de clasificación recollido no capítulo 4 deste Convenio do persoal contemplado no artigo 1.2 e 1.3, este persoal conserva a estrutura e valores retributivos previstos nos seus convenios de orixe. Os seus conceptos retributivos, agás a produtividade, se é o caso, experimentarán o incremento xeral anual que se fixe para os empregados públicos da Administración Xeral do Estado, respectando en todo caso as limitacións que sobre incrementos de determinados conceptos estean recollidas nos seus convenios de orixe.

No acordo de clasificación da CIVEA establecerase a data de efectividade do sistema de clasificación profesional e de aplicación do sistema retributivo previstos neste Convenio.

Disposición transitoria sétima. Delegados de prevención.

Mentres as Comisións correspondentes non aproben un réxime diferente, mantense o réxime e ámbito de elección dos delegados de prevención e Comités de Seguridade e Saúde existente na actualidade, de acordo cos convenios de orixe e a regulación e acordos en vigor.

Disposición transitoria oitava.

1. De acordo co previsto no artigo 86.4 do Estatuto dos Traballadores, mantén a súa vixencia, no ámbito funcional respectivo, o contido dos seguintes artigos dos convenios que agora se derrogan.

a) O artigo 18.2 do Convenio do Ministerio do Interior (Boletín Oficial do Estado, do 13 de novembro de 1991).

b) O artigo 23.3 do Convenio do antigo Ministerio de Obras Públicas (Fomento e Medio Ambiente), publicado no Boletín Oficial do Estado, do 19 de xullo de 1990.

c) O artigo 3 do Convenio da Administración da Seguridade Social (Boletín Oficial do Estado, do 30 de novembro de 1995).

d) Os artigos 34 do Convenio da Administración da Seguridade Social (Boletín Oficial do Estado, do 30 de novembro de 1995) e 34 do Convenio do antigo Ministerio de Educación e Ciencia (Boletín Oficial do Estado, do 2 de decembro de 1994).

e) O artigo 15.3 do Convenio de Administración de Xustiza (Boletín Oficial do Estado, do 19 de xuño de 1996).

f) Os artigos 26, 64.1, 65, 66, 67 e disposición adicional sétima do Convenio Colectivo do Ministerio de Defensa (Boletín Oficial do Estado, do 1 de xullo de 1992).

g) Ata que o grupo de traballo constituído no seo da Mesa Xeral de Negociación chegue a un acordo sobre a materia, o artigo 48 do Convenio Colectivo de Administración de Xustiza (Boletín Oficial do Estado, do 19 de xuño de 1996), a disposición adicional segunda do Convenio da Administración da Seguridade Social (Boletín Oficial do Estado, do 30 de novembro de 1995), e o artigo 45 do Convenio do antigo Ministerio de Obras Públicas (Boletín Oficial do Estado, do 19 de xullo de 1990).

h) O artigo 39, apartado 7, penúltimo parágrafo do Convenio Colectivo do Pazo de Congresos de Madrid (Boletín Oficial da Comunidade de Madrid, do 10 de xuño de 1997).

i) O artigo 67 do Convenio da Administración da Seguridade Social (Boletín Oficial do Estado, do 30 de novembro de 1995).

j) A disposición adicional segunda do Convenio Colectivo do Ministerio de Economía e Facenda (Boletín Oficial do Estado, do 10 de marzo de 1998). A diferenza retributiva

que supoña o cambio de categoría previsto na devandita disposición adicional segunda minorarase da masa salarial destinada a primas do Instituto Nacional de Estatística.

k) A disposición adicional terceira do Convenio Colectivo do Ministerio de Economía e Facenda (Boletín Oficial do Estado, do 10 de marzo de 1998). A referencia contida na dita disposición adicional terceira a grupos profesionais debe entenderse efectuada ás áreas funcionais previstas neste Convenio Único.

l) O parágrafo segundo do anexo VI do Convenio Colectivo do Ministerio de Economía e Facenda (Boletín Oficial do Estado, do 10 de marzo de 1998).

m) O artigo 7.2 do Convenio Colectivo para o persoal laboral do Ministerio da Presidencia (Boletín Oficial da Comunidade de Madrid, do 2 de outubro de 1997).

n) Os artigos 4, apartados 3 e 4, artigo 26 e 27, agás os apartados b) e c) do Convenio Colectivo do Persoal Técnico, Administrativo e de Servicios adscrito aos teatros que dependen do INAEM (Boletín Oficial do Estado, do 3 de agosto de 1993).

o) Capítulo VII, IX, X, XI, XII e XIV do Convenio Colectivo do Ballet Nacional de España e da Compañía Nacional de Danza (Boletín Oficial do Estado, do 19 de xaneiro de 1996).

p) Os artigos 10, 11, 12, 32 apartado 2, 33 parágrafo segundo, 34 apartado 1.g) e h) e apartado 2, 41, 43 salvo o terceiro parágrafo, 73 e disposicións adicionais segunda e terceira do Convenio Colectivo de Coro Titular do Teatro da Zarzuela (Boletín Oficial da Comunidade de Madrid, do 23 de novembro de 1996).

q) O anexo V, agás o capítulo IX deste, do Convenio Colectivo Único do Ministerio de Cultura (Boletín Oficial do Estado, do 19 de novembro de 1991), debendo entenderse que as referencias ao dito convenio se fan agora a este Convenio Único para o Persoal Laboral da Administración Xeral do Estado.

2. Deica o 31 de decembro do 2000, e como condición estritamente persoal para aqueles traballadores que o asinamento deste Convenio estivesen nos respectivos ámbitos, respectarase o contido dos seguintes convenios que agora se derrogan:

a) O artigo 39.12 do Convenio do Pazo de Congresos de Madrid (Boletín Oficial da Comunidade de Madrid, do 10 de xuño de 1997).

b) O artigo 80 do Convenio do CIEMAT (Boletín Oficial do Estado, do 9 de febreiro de 1993).

c) O artigo 122 do Convenio de Aeroportos Nacionais e Aviación Civil (Boletín Oficial do Estado, do 17 de xullo de 1991).

d) O artigo 60 do Convenio Colectivo do Ministerio de Defensa (Boletín Oficial do Estado, do 1 de xullo de 1992).

Disposición transitoria novena.

Por razón da modificación das condicións profesionais e de emprego experimentada pola aplicación deste Convenio, ao persoal que estivese en activo á data de asinamento deste e para

facer efectivas en 1998 as melloras económicas que representa para algunhas das actuais categorías profesionais, aboarase neste exercicio unha paga única de carácter non consolidable.

A contía desta paga será a resultante, para cada traballador, da diferenza do valor anual do salario base máis as pagas extraordinarias, agás os seus compoñentes de antigüidade, establecidas neste Convenio (en función do grupo profesional en que quede encadrada a categoría a que pertence o traballador), menos o valor anual actualizado do salario base máis as pagas extraordinarias, salvo os seus compoñentes de antigüidade, do Convenio de orixe máis as cantidades que cada traballador vaia reportar en 1998 polos conceptos retributivos que figuran na disposición adicional primeira, de acordo coa seguinte fórmula:

$$PU = (SBcu + PEcu) - (SBco + PEco + DA1^a)$$

onde:

PU = Paga única.

SBcu = valor anual do salario base do Convenio Único.

PEcu = valor anual das pagas extraordinarias, salvo os seus compoñentes de antigüidade, do Convenio Único.

SBco = valor anual do salario base actualizado do Convenio Colectivo de orixe.

PEco = valor anual das pagas extraordinarias actualizadas do Convenio Colectivo de orixe, salvo os seus compoñentes de antigüidade.

DA1^a = valor das cantidades que vaia reportar o traballador durante 1998 polos conceptos retributivos do Convenio Colectivo de orixe incluídos na disposición adicional primeira, actualizados na súa contía.

Non se aboará esta paga naqueles casos en que a diferenza sexa cero ou menor de cero.

Con independencia do anterior, aos traballadores que estean ocupando un posto de traballo dos reseñados na disposición adicional segunda, incrementáraselles a paga única nas contías establecidas na dita disposición adicional.

Disposición transitoria décima. Permuta.

1. Sen prexuízo dos sistemas de mobilidade e de provisión de vacantes, no ámbito deste Convenio, a Administración poderá autorizar excepcionalmente durante 1999 a permuta que se realice voluntariamente entre traballadores fixos en activo sempre que concorran as seguintes circunstancias:

- a) Que os postos de traballo sexan do mesmo grupo profesional, área funcional e réxime de contratación.
- b) Que os traballadores que pretendan a permuta contan, respectivamente, cun número de anos de servizo que non difira entre si en máis de cinco anos.

Os traslados por permuta non darán dereito a indemnización ningunha.

1. No prazo de cinco anos, a partir da concesión dunha permuta, non se poderá autorizar outra a calquera dos interesados.

2. Non se poderá autorizar a permuta cando a algún dos traballadores interesados lle falte menos de cinco anos para cumprir a idade de xubilación forzosa.

3. Serán anuladas as permutas se nos dous anos seguintes á data en que teñan lugar se produce a xubilación voluntaria dalgúns dos permutantes.

4. Para a concesión da permuta esixirase informe previo favorable dos servizos ou organismos afectados e da CIVEA no suposto de ser Interdepartamental ou da Subcomisión Departamental correspondente se se producise neste ámbito.

5. Pola CIVEA poderá prorrogarse de ano en ano o devandito réxime de permuta.

Disposición transitoria undécima. Concurso de resultas.

Mentres estean as probadas as relacións de postos de traballo dos respectivos departamentos e organismos, a convocatoria aberta e permanente prevista no artigo 30.1 será substituída por concursos que poderán prever un único concurso e resultas que serán anunciadas unha vez aprobada a lista definitiva de admitidos, debendo ser simultánea a resolución do concurso principal e a do de resultas.

Disposición transitoria duodécima. Representación colectiva dos traballadores.

1. A Administración e os sindicatos asinantes deste Convenio consideran necesario adaptar a estrutura da representación colectiva existente neste momento e unificar na medida do posible o réxime desta no seu ámbito de aplicación. Para tal efecto, comprométense a negociar un Acordo sobre representación colectiva ao longo da vixencia do Convenio no seo da CIVEA, sen que en ningún caso se supere globalmente o crédito de horas dos membros dos Comités de Empresa, Delegados de persoal e Delegados sindicais que estivesen constituídos con anterioridade conforme aos convenios de orixe.

2. Mentres non se acorde a nova estrutura e réxime da representación colectiva que rexerá no ámbito de aplicación do Convenio, manterá a súa vixencia en materia de escala de representantes, crédito horario, réxime de aplicación deste e garantías dos Delegados de persoal, membros de Comités de Empresa e Delegados sindicais, a regulación contida nos convenios colectivos aos que aquel vén a substituír respecto a Comités de Empresa e Delegados de persoal, ata que esta non se modifique, e ás seccións sindicais ou estruturas sindicais constituídas e Delegados sindicais mentres non se chegue ao acordo contemplado no apartado 1.

3. Cando se elixan novos Comités de Empresa ou Delegados de persoal no ámbito dun Departamento ou organismo, seralles de aplicación, en materia de escala de representantes, crédito horario, réxime de aplicación deste e garantías dos Delegados de persoal, membros de Comités de Empresa e Delegados sindicais, a regulación do convenio colectivo de orixe que comprendese ao maior número de traballadores do Departamento ou organismo.

4. No seo de cada Subcomisión Departamental, e co fin de axudar á posta en marcha deste Convenio, poderase negociar a atribución do crédito horario de que se dispuxese en cada Departamento ou organismo de acordo co apartado 2 desta disposición transitoria, mentres non se dea cumprimento ao establecido no apartado 1 desta.

Disposición transitoria décimo terceira. Consolidación de emprego temporal.

Co fin de reducir drasticamente o volume de emprego temporal con funcións permanentes no período de vixencia deste Convenio, abordaranse as seguintes actuacións:

Os procesos de consolidación contemplados no Acordo do 22 de xullo de 1997 referidos a persoal laboral seguirán o seu curso segundo o pactado no dito Acordo.

Con carácter inmediato ao asinamento deste Convenio, no seo da CIVEA elaborárase de xeito negociado un calendario de procesos de consolidación de emprego temporal con funcións de natureza permanente e estrutural.

Para tal efecto, elaborárase un estudo onde se identificará todo o emprego susceptible de ser obxecto de procesos de consolidación.

As características, calendario e criterios que rexerán os procesos selectivos serán obxecto de acordo na CIVEA.

As prazas que puidesen estar afectadas por estes plans de consolidación non poderán ser obxecto de cobertura polos procesos de selección establecidos neste Convenio mentres non rematase o proceso de consolidación correspondente, garantíndoselles aos traballadores que con carácter temporal ocupan estas prazas a continuidade ata que se leven a cabo os procesos de consolidación correspondentes.

Disposición transitoria décimo cuarta. Réxime transitorio dos reingresos.

Mentres non se aproben as relacións de postos de traballo a que se refire o artigo 10, e sen prexuízo do establecido no artigo 59 deste Convenio, todo traballador que á súa entrada en vigor estea en excedencia e solicite o reingreso terá dereito a ocupar a primeira vacante a cobertura da cal resulte necesario que se produza de igual grupo profesional e área funcional á súa e, en caso de non existir vacantes do seu grupo profesional e si noutro grupo inferior dentro da súa área funcional, poderá optar a esta ou ben esperar a que se produza aquela. No suposto de que optase por ocupar vacantes do grupo inferior, percibirá as retribucións correspondentes a este, mantendo a opción a ocupar a vacante que se produza no seu grupo profesional ou área funcional de orixe.

Disposición transitoria décimo quinta. Aplicación transitoria do réxime de licencias e excedencias.

Aos traballadores que estean disfrutando de licencia ou excedencia á entrada en vigor deste convenio colectivo seralles de aplicación o réxime xurídico vixente no momento da concesión da dita licencia ou excedencia.

Disposición transitoria décimo sexta. Réxime transitorio para o ámbito do antigo Convenio do Ministerio de Educación e Ciencia.

Aos traballadores pertencentes ao antigo ámbito do Convenio do Ministerio de Educación e Ciencia (Boletín Oficial do Estado, do 2 de decembro de 1994) seralles de aplicación, ata o 31 de decembro de 1999, o seguinte réxime transitorio:

1. Calendario e xornada.

a) A aplicación do calendario laboral negociarase anualmente entre a Dirección Provincial e o Comité de Empresa, para o respectivo ámbito. Na negociación deste calendario terase en conta os períodos non lectivos dos centros nos que se axustará o persoal ás necesidades do funcionamento dos servizos nos distintos tipos de centros.

b) A xornada ordinaria de traballo será de 1.711 horas en cómputo anual. A súa distribución semanal será de trinta e sete horas e media con carácter xeral, incluído o persoal paradocente ou de atención directa ao alumno que presta os seus servizos nos Centros ou Residencias de Educación Especial.

2. Persoal de comedores escolares.

a) Os traballadores a que fai referencia esta disposición terán a consideración de fixos descontinuos coas características e especificacións que a seguir se sinalan:

b) Os contratos de traballo terán, cada curso escolar, unha duración de nove meses para Comedores Escolares e dez meses para Escola Fogar, incluída a parte proporcional das vacacións que, en función do tempo traballado, lles corresponda segundo as disposicións legais vixentes.

c) As ditas vacacións serán disfrutadas nos períodos de inactividade do Comedor, incluído o Nadal e a Semana Santa.

d) O salario mensual será proporcional á xornada de traballo que efectivamente se realice dentro do nivel e categoría que corresponda ao traballador.

e) Os períodos de interrupción da actividade do comedor non serán computados para efectos do complemento de antigüidade.

f) A xornada de traballo será a establecida no contrato.

g) A execución do contrato interromperase, na forma prevista na lexislación vixente, á conclusión de cada período de actividade, sen prexuízo do seu reinicio ao comezo do seguinte. Cando a actividade non se reinicie ao comezo da tempada ou se suspenda durante esta, a Dirección Provincial de Educación e Cultura correspondente solicitará a pertinente autorización laboral da dita provincia.

h) Os traballadores deberán ser chamados coa suficiente antelación cada vez que se vaian levar a cabo as actividades do Comedor para as que fosen contratados.

3. Os criterios recollidos nos puntos anteriores serán de aplicación ao persoal de Comedores Escolares e Escolas Fogar coas características deste tipo de centros.

4. O persoal que preste servizos en centros nos que funcione o servizo de Comedor Escolar terá dereito á utilización gratuíta deste, sempre que desempeñen labores de asistencia e coidado do alumno no comedor e nos períodos de recreo anterior e posterior a este, preste os seus servizos na cociña ou o comedor.

5. Aboamento por colaboracións. O persoal que colabore con carácter non permanente nin habitual no desenvolvemento de actividades que se realicen no seu centro de destino, alleas ás ordinarias deste, percibirá, en concepto de colaboración, as cantidades que correspondan, a

determinación e contía das cales ha establecerse en cada caso pola Dirección Xeral de Persoal e Servicios, sempre de acordo coas disposicións orzamentarias.

Disposición transitoria décimo sétima.

A Administración e mais os sindicatos asinantes deste Convenio comprométense a estudar durante a súa vixencia as posibles medidas de organización do tempo de traballo e políticas de emprego.

Para tal efecto, creárase a CIVEA, conforme ao sinalado nos artigos 3.3 e 4.2 deste Convenio, unha Comisión específica que se encargará de formular unha proposta de acordo sobre as referidas medidas de organización e mellora do tempo de traballo.

Disposición transitoria décimo oitava.

O persoal que pertenza a categorías profesionais que, de conformidade co seu convenio colectivo de orixe, estivese encadrado nun grupo de indemnización do Real Decreto 236/1998, do 4 de marzo, manterao a título persoal e mentres non cambie de categoría ou grupo profesional.

[BOE núm. 287, do 1 de decembro de 1998]

ANEXO I

**Clasificación profesional do persoal laboral incluído no ámbito do Convenio único
segundo as categorías dos CC.CC. de orixe**

Ministerio / Convenio	Denominación categoría	Grupo profesional
<i>Asuntos Exteriores</i> CC. Ministerio de Asuntos Exteriores-AECI (AE)	Titulado Superior	1
	ATS. Universidade enf. (ATS-DUE)	2
	Analista	2
	Coordinador de estudos	2
	Documentalista	2
	Xornalista gráfico	2
	Titulado medio	2
	Traductor-intérprete	2
	Calígrafo	3
	Corrector	3
	Delineante proxectista	3
	Xefe de administración	3
	Xefe de cociña	3
	Xefe de fotocomposición	3
	Xefe de sala	3
	Mordomo	3
	Programador	3
	Redactor	3
	Secretario bilingüe	3
	Técnico VTR	3
	Axudante documentalista	4
	Encargado Pal. Trindade	4
	Encargado distribución	4
	Encargado de reprografía	4
	Encadernación de luxo	4
	Fotógrafo	4
	Gobernanta	4
	Xefe de Comedor	4
	Linotipista preferente	4
	Maquinista de offset, Oficial de primeira e Xefe de Equipo	4
	Maquinista de offset de primeira	4
	Monitor	4
	Oficial de primeira administrativo	
	Oficial de primeira caixista	4
	Oficial de primeira encadernador	4
	Oficial de primeira maquinista de fotocomposición	4
	Oficial de primeira de offset	4
	Oficial de primeira trazador montador	4
	Pasador de prancha de primeira	4

Técnico de radio	4
Trazador mont., Oficial de primeira e Xefe de Equipo	4
Axudante Governanta	5
Cociñeiro	5
Electricista	5
Maquinista oficial de segunda plano-cilíndrica	5
Oficial de segunda administrativo	5
Oficial de segunda administrativo (a extinguir)	5
Oficial de segunda encadernador	5
Oficial de segunda maquinista de offset	5
Oficial de segunda maquinista de plano-cilíndricas	5
Auxiliar administrativo	6
Auxiliar de informática	6
Calefactor	6
Controlador	6
Controlador nocturno	6
Distribuidor	6
Distribuidor de biblioteca	6
Especialista de reprografía	6
Xardineiro	6
Xefe de Equipo de Mozos	6
Motorista	6
Oficial maquinista de terceira de offset	6
Repasador de película	6
Telefonista	6
Telefonista con idiomas	6
Valixeiro	6
Axudante de caixa	7
Camareiro/a	7
Encargado de lavabos	7
Mozo especialista	7
Ordenanza	7
Pranchadora	7
Limpadora	8
Mozo de limpeza	8
Pinche de cociña	8
<i>Agricultura</i>	
CC. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación	
Titulado Superior	1
Titulado Medio	2
Axudante técnico	3
Capataz	3
Delineante (proxectos)	3
Encargado principal	3
Mestre de capacitación	3
Mecánico naval de primeira	3
Patrón de embarcación	3
Programador	3

	Técnico administrativo	3
	Administrativo	4
	Auxiliar pecuario	4
	Contramestre	4
	Diplomado en puericultura	4
	Encargado de almacén	4
	Gobernanta	4
	Inspector de entrevistas	4
	Mecánico naval 2ª	4
	Oficial de primeira oficios varios	4
	Oficial de primeira de servicios	4
	Operador de ordenador	4
	Pastor	4
	Cociñeiro de tripulación	5
	Entrevistador	5
	Mecánico conductor	5
	Oficial de segunda administrativo	5
	Oficial de segunda de oficios varios	5
	Oficial de segunda de servicios	5
	Submarinista	5
	Auxiliar administrativo	6
	Auxiliar administrativo (asimilado a nivel 4)	6
	Auxiliar de informática	6
	Auxiliar de laboratorio	6
	Celador (fixo discontinuo)	6
	Empregado de residencia	6
	Garda de Parques Nacionais	6
	Mariñeiro de tripulación	6
	Motorista naval	6
	Operador de télex	6
	Telefonista	6
	Auxiliar internado	7
	Axudante de oficios varios	7
	Axudante de reprografía	7
	Conserxe ordenanza	7
	Mozo especializado	7
	Operador de máquinas reproductoras	7
	Peón agrario especializado	7
	Vixilante	7
	Vixilante de edificio principal	7
	Limpador	8
CC. SG Estudios Agrarios, Pesqueiros e Alimentación (AG)	Xefe de sección	3
	Xefe de taller	3
	Xefe de Equipo	4
	Oficial de primeira	4
	Oficial de segunda	5
	Auxiliar	6
	Conductor mecánico	6

CC Axencia Nacional do Tabaco (anterior) (AG)	Titulado de grao superior	1
	Titulado de grao medio	2
	Auxiliar técnico	3
	Xefe de mantemento	3
	Oficial de control de calidade	4
	Oficial de mantemento	4
	Supervisor de control	4
	Oficial administrativo	5
	Responsable control de empresas	5
	Responsable temporal de control de compras	5
	Auxiliar administrativo	6
	Axudante de control de calidade	7
	Axudante de mantemento	7
	Axudante de servicios	7
	Obreiro especializado	7
	Porteiro	7
	Vixilante	7
	Vixilante Suplente	7
	CC Servicio Nacional de Productos Agrarios- SENPA (anterior) (AG)	Analista de sistemas
Analista programador		2
Xefe de tráfico		3
Mestre de taller		3
Programador de aplicacións		3
Xefe de Equipo		4
Maquinista		4
Oficial de primeira CCEV		4
Operador de ordenador		4
Engraxador		5
Oficial de segunda de oficios varios		5
Operador terminal		5
Auxiliar de informática		6
Auxiliar de servicios		6
Conductor		6
Garda		7
Ordenanza		7
Peón especialista		7
Peón especializado CCEV		7
Vixilante de oficinas e despachos		7
Limpadora de granada		8
Limpadora de oficinas e despachos		8
Mozo de oficinas e despachos		8
Peón		8
Peón CCEV		8
Repasador de sacos		8
<i>Administracións Públicas</i> CC. Ministerio de Administracións Públicas- INAP (AP)		Titulado Superior
	Analista de informática	2

	Analista titulado de grao medio	2
	Titulado medio-diplomado universitario	2
	Administrador	3
	Delineante proxectista	3
	Encargado xeral	3
	Encargado de mantemento	3
	Xestor de sistemas informáticos	3
	Xefe administrativo 1ª	3
	Xefe de cociña e comedor	3
	Xefe de mantemento	3
	Xefe de sala	3
	Programador	3
	Axudante de redacción	4
	Cociñeiro	4
	Encargado	4
	Gobernanta	4
	Oficial de biblioteca e documentación	4
	Oficial de primeira administrativo	4
	Oficial de primeira de oficios varios	4
	Oficial de reprografía	4
	Operador de ordenador	4
	Albanel	5
	Codificador especialista map. básicas	5
	Codificador especialista de máq. básicas	5
	Electricista	5
	Electricista-frigorista	5
	Especialista de reprografía	5
	Oficial de segunda administrativo	5
	Ordenanza maior (a extinguir)	5
	Pintor	5
	Auxiliar de imprenta	6
	Dispenseira	6
	Distribuidor de almacén	6
	Especialista de segunda de reprografía	6
	Oficial de terceira de hostalería	6
	Oficial de terceira de oficios varios	6
	Operador de máquinas básicas	6
	Recepcionista	6
	Telefonista	6
	Telefonista recepcionista adxunto (a extinguir)	6
	Telefonista recepcionista (a extinguir)	6
	Ordenanza	7
	Ordenanza de 1ª	7
	Vixilante	7
	Limpador/a	8
	Mozo	8
CC MUFACE (AP)	Titulado Superior	1
	Aparellador	2
	Titulado medio-diplomado universitario	2

	Delineante proxectista	3
	Encargado de arquivo	3
	Encargado de conservación e mantemento	3
	Xefe administrativo	3
	Encargada de reprografía	4
	Oficial de primeira administrativo	4
	Oficial de primeira de oficios varios	4
	Oficial de primeira de reprografía	4
	Operador de ordenador	4
	Oficial de segunda administrativo	5
	Oficial de segunda de oficios varios	5
	Oficial de segunda de reprografía	5
	Auxiliar administrativo	6
	Axudante de arquivo	6
	Conserxe	6
	Encargado de centraliña	6
	Gravador	6
	Axudante de almacén	7
	Mozo especialista	7
	Subalerno	7
	Limpadora	8
MUFACE (empregados de predios urbanos de Barcelona) (A)	Porteiro sen plena dedicación (a extinguir) I	7
MUFACE (empregados de predios urbanos de Barcelona) (A)	Conserxe con plena dedicac. (a extinguir) II	7
	Conserxe con plena dedicac. (a extinguir) III	7
	Porteiro con plena dedicac. (a extinguir) I	7
	Porteiro con plena dedicac. (a extinguir) II	7
	Porteiro con plena dedicac. (a extinguir) III	7
Persoal transferido (LOFAXE) (Ant. CC. MOPU)	Titulado de grao superior	1
	Titulado de grao medio	2
	Encargado administrativo	3
	Auxiliar técnico de obra, taller, instalacións e explotación	4
	Encargado	4
	Oficial de oficio de primeira de oficios análogos	4
	Oficial de primeira administrativo	4
	Operador de ordenador	4
	Técnico auxiliar	4
	Vixilante de obras	4
	Oficial de oficio de primeira conductor	5
	Oficial de oficio de segunda de oficios análogos	5
	Oficial de segunda administrativo	5
	Vixilante de costas	5
	Auxiliar administrativo	6
	Oficial de oficio de terceira de oficios	

	análogos	6
	Telefonista de segunda	6
	Ordenanza	7
	Peón especializado	7
	Limpador/a	8
	Mozo	8
	Peón	8
Persoal transferido (LOFAXE) (CC. MAPA)	Titulado de grao medio ou diplomado universitario	2
	Axudante técnico	3
	Capataz	3
	Encargado principal	3
	Administrativo	4
	Auxiliar e Controlador pecuario	4
	Oficial primeira de oficios varios	4
	Operador de ordenador	4
	Entrevistador	5
	Mecánico-Conductor	5
	Oficial segunda administrativo (a extinguir)	5
	Oficial de segunda de oficios varios	5
	Auxiliar administrativo	6
	Auxiliar de informática	6
	Conserxe ordenanza	7
	Mozo especializado	7
	Peón agrario especializado	7
	Vixilante	7
	Limpador/a	8
	Peón agrario (fixo discontinuo)	8
<i>Defensa</i>		
CC Ministerio de Defensa (DE)	Médico	1
	Médico especialista	1
	Titulado superior	1
	Diplomado de enfermería	2
	Titulado medio	2
	Celador maior de prisións	3
	Delineante proxectista	3
	Xefe CMO	3
	Xefe administrativo	3
	Xefe de bombeiros	3
	Xefe de hostalería	3
	Xefe de sección laboratorio	3
	Xefe técnico operativo	3
	Programador	3
	Axudante técnico especialista de sanidade	4
	Delineante primeira	4
	Encargado	4
	Encargado de seguridade	4
	Gobernanta	4
	Monitor	4
	Operador de ordenador	4
	Técnico operativo	4

	Analista	5
	Bombeiro	5
	Celador de prisións	5
	Cociñeiro	5
	Conductor mecánico	5
	Delineante de segunda	5
	Mecánico naval	5
	Oficial CMO	6
	Oficial administrativo	6
	Patrón cabotaxe	6
	Patrón maior cabotaxe	6
	Técnico básico	6
	Traductor	6
	Auxiliar administrativo	6
	Auxiliar de laboratorio	6
	Auxiliar sanitario	6
	Axudante CMO	6
	Camareiro	6
	Capataz de peóns	6
	Conductor	6
	Mariñeiro	6
	Telefonista	6
	Axudante de cociña e comedor	7
	Celador	7
	Garda xurado	7
	Subalerno de primeira	7
	Subalerno de segunda	7
	Peón	8
	Persoal de limpeza, costura, lavado e prancha	8
<i>Educación e Cultura</i> CC CSIC (EC)	Titulado superior	1
	Titulado medio	2
	Axudante técnico de laboratorio	3
	Encargado de almacén central	3
	Encargado de animalario central	3
	Encargado de mantemento	3
	Xefe administrativo	3
	Xefe de cociña	3
	Xefe de taller, nave, ensaios ou planta piloto	3
	Patrón de barco	3
	Programador	3
	Axudante de laboratorio	4
	Capataz	4
	Conductor de camión	4
	Encargado de biblioteca	4
	Especialista de oficio	4
	Gobernanta	4
	Oficial de primeira de oficios varios	4
	Operador de ordenador	4
	Tractorista mecánico	4
	Cociñeiro	5

	Coidador especialista de animalario	5
	Educador	5
	Garda xurado maior	5
	Oficial administrativo	5
	Oficial agrario e manixeiro	5
	Oficial de mantemento	5
	Oficial de segunda de oficios varios	5
	Almaceneiro	6
	Auxiliar administrativo	6
	Auxiliar de biblioteca	6
	Auxiliar de laboratorio	6
	Conductor de turismo	6
	Coidador de animalario	6
	Dependente	6
	Mariñeiro de tripulación	6
	Motorista naval	6
	Obreiro especialista agrario	6
	Telefonista	6
	Auxiliar de cociña e comedor	7
	Axudante de almacén	7
	Axudante de oficio	7
	Camareira de residencia	7
	Celador	7
	Cociñeiro axudante	7
	Conserxe	7
	Encargado de limpeza	7
	Garda xurado	7
	Ordenanza	7
	Vixilante	7
	Caseiro	8
	Limpadora especializada	8
	Mozo	8
	Obreiro agrícola non especializado	8
CC. Consello Superior de Deportes	Titulado superior	1
	Titulado medio	2
	Axudante técnico laboratorio	3
	Axudante técnico en radioloxía	3
	Delineante superior	3
	Encargado xeral	3
	Xefe de administración de primeira	3
	Titulado profesional	3
	Encargado	4
	Gobernanta	4
	Oficial de primeira de oficios varios	4
	Axudante Gobernanta	5
	Oficial administrativo	5
	Oficial de segunda de oficios varios	5
	Auxiliar administrativo	6
	Auxiliar de clínica	6
	Conserxe	6

CC Ministerio de Cultura (extinguido) (EC)	Telefonista	6
	Ordenanza	7
	Vixilante	7
	Limpador	8
	Peón	8
	Arquiveiro	1
	Cantante Coro Nacional	1
	Xefe explotación	1
	Xefe de patrocinio (a extinguir)	1
	Pianista do Coro Nacional	1
	Titulado superior	1
	Titulado superior asimilado	1
	Analista funcional	2
	Analista orgánico	2
	Director de gardería (a extinguir)	2
	Restaurador de primeira *	2
	Titulado grao medio	2
	Titulado grao medio asimilado	2
	Titulado medio	2
	Titulado medio asimilado	2
	Coordinador Sect. Control	3
	Corrector estilo	3
	Corrector estilo (a extinguir)	3
	Encargado xeral	3
	Encargado xeral almacén	3
	Xefe administrativo primeira	3
	Xefe administrativo primeira (2*)	3
	Xefe delineantes	3
	Xefe sala	3
	Xefe Sección imprenta	3
	Programador	3
	Redactor (a extinguir) (2*)	3
	Rexente Imprenta	3
	Responsable arquivo topográfico	3
	Responsable Equipo Doc. Tit.	3
	Responsable librería	3
	Técnico Educación Preescolar	3
	Técnico microfilmación	3
	Axudante redacción (a extinguir)	4
	Diagramador (a extinguir)	4
Educador	4	
Encargado	4	
Encargado almacén	4	
Encargado mantemento	4	
Encadernador artístico	4	
Especialista microfilme	4	
Fotógrafo artístico	4	
Fotógrafo artístico (1*)	4	
Fotógrafo artístico (2*)	4	
Fotógrafo artístico (3*)	4	

Fotógrafo artístico (asimilado)	4
Xefe administrativo segunda	4
Xefe administrativo segunda (a ext.)	4
Xefe Equipo almacén	4
Oficial primeira administrativo	4
Oficial primeira administrativo (4*)	4
Oficial primeira imprenta	4
Oficial primeira mantemento	4
Oficial primeira OO.VV.	4
Oficial primeira OO.VV. (4*)	4
Oficial primeira OO.VV.	4
Operador consola	4
Programador 2ª (asimilado N.4)	4
Técnico de reprografía	4
Técnico reprografía	4
Técnico son	4
Técnico son	4
Axudante Xefe unidade (asimilado N.4)	5
Cociñeiro	5
Delineante	5
Encargada central telefónica	5
Fotógrafo	5
Gravador verificador xefe	5
Oficial segunda OO.VV.	5
Oficial segunda administrativo	5
Oficial segunda administrativo (a extinguir)	5
